



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de xullo de 2018**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, segundo Resolución de Alcaldía do 17/07/18, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(780).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de xullo e extraordinaria e urxente do 10 de xullo de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(781).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8572/113.**

Visto o informe xurídico do 03/07/18, dáse conta do informe-proposta do 26/06/18, asinado polo xefe do servizo de Administración electrónica e conformado polo concelleiro-delegado de Administración electrónica, que di o seguinte:

### **Antecedentes e marco normativo:**

- A) O 4 de Maio de 2016 publicábase o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RGPD), que será aplicable a partir do 25 de maio de 2018. No entanto, este novo regulamento implica algunhas actuacións que convén abordar e, entre elas a realización dunha Avaliación de Impacto relativa á Protección de Datos baixo determinadas circunstancias.
- B) No artigo 4.7 do RGPD defínese responsable como:  
“«responsable do tratamento» ou «responsable»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determine os fins e medios do tratamento; se o Dereito da Unión ou dos Estados membros determina os fins e medios do tratamento, o responsable do tratamento ou os criterios específicos para o seu nomeamento poderá establecelos o Dereito da Unión ou dos Estados membros; “
- C) O artigo 37.1.a de o RGPD establece a obrigatoriedade de nomear a figura do Delegado de Protección de Datos, en diante DPD, entre outros nos seguintes casos:  
“O responsable e o encargado do tratamento designarán un delegado de protección de datos sempre que:
  - O tratamento léveo a cabo unha autoridade ou organismo público, excepto os tribunais que actúen en exercicio da súa función xudicial; “
- D) No artigo 37.5 do RGPD establécese que:  
“O delegado de protección de datos será designado atendendo ás súas cualidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados do Dereito e a práctica en materia de protección de datos e á súa capacidade para desempeñar as funcións indicadas no artigo 39 “
- E) A Axencia de Protección de datos na súa guía do RGPD para responsables de tratamento especifica que:
  - “A designación do DPD e os seus datos de contacto deben facerse públicos polos responsables e encargados e deberán ser comunicados ás autoridades de supervisión competentes.”
  - Permítese que o DPD manteña cos responsables ou encargados unha relación laboral ou mediante un contrato de servizos . É dicir, permite que poida contratarse o servizo de DPD con persoas físicas ou xurídicas alleas á organización.
- F) En virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaidía de data 08-11-2016 corresponde á Xunta de Goberno Local:
  - A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade, Esquema Nacional de Interoperabilidade así como en materia relativa á protección de datos e Administración Electrónica
  -

### **Informe**

O Regulamento Europeo de Protección de Datos modifica algúns aspectos dos requisitos esixidos polo ata agora marco normativo en materia de protección de datos, LOPD, e inclúe novas obrigacións, polo que é necesario levar a cabo procesos de adaptación aos mesmos. Entre tarefas as cabe destacar

1. Elaboración do Rexistro de Actividades de Tratamento en base á inscrición de ficheiros vixente.



## Concello de Vigo

2. Identificación da base de lexitimación para cada un dos tratamentos.
3. Elaboración dunha guía para a obtención do consentimento e a elaboración de cláusulas informativas que inclúe modelo de cláusula.
4. Elaboración dun modelo de contrato de encargado do tratamento adaptado á nova normativa.

Así mesmo, do punto C infírese que é de obrigado cumprimento designar un DPD atendendo ao criterio de capacidade, formación e especialización que se infire do artigo 37.5 do RGPD.

Atendendo o punto E celebrouse un contrato de servizos, expediente 8558-113("Contrato servizo de delegado de protección de datos") coa empresa TELEFÓNICA SOLUCIÓNS DE INFORMÁTICA E COMUNICACION con CIF A78053147. para a adaptación ao novo marco normativo relativo ao RGPD e para o desempeño das funcións propias da figura do DPD ata o día 20/05/2019. Dita empresa designa a Dº Daniel Neira Barral como a persoa que desenvolverá o rol de DPD para o Concello de Vigo .

Tomado en consideración o punto B dedúcese que o nomeamento do DPD corresponde ó Responsable que, en este caso dita capacidade en virtude do punto F pode recaer na Xunta de Goberno Local. Proponse á Xunta de Goberno Local como órgano que ostenta as competencias, non uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. Nomear a Dº Daniel Neira Barral , en virtude con contrato de servizo , exp 8558-113 como Delegado de Protección de Datos, ata ou día de finalización do contrato, 20/05/2019 Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(782).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS (RELACIÓN 6/2018). EXPTE. 11592/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 09/07/18, asinado polo letrado especialista orde social, civil, contencioso e mercantil e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

XGL relación 6/2018

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

- 1.- Decreto nº 14 do 20 de xuño de 2018  
Expediente nº 8896/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO  
Ordinario: 456/2014

Obxecto: Aprobación liquidación polo subministro de auga correspondente ao bimestre xullo-agosto 2014

Expte(s): 2092-500

Declara a caducidade do recurso.

A Dirección de Ingresos debe coñecer o resolto.

2.- Sentenza nº 35 do 1 de maio de 2018

Expediente nº 10269/111

Xulgado do Mercantil nº 3 de VIGO

Ordinario: 137/2017

Obxecto: Contrato concesión obra pública de construción e explotación do Auditorio PAZO DE CONGRESOS

Esta sentenza, desestima a acción procesual do Concello de Vigo contra o acordo societario polo cal a sociedade Pazo de Congresos de Vigo SA, sociedade creada polos adxudicatarios do contrato de concesión, acordou solicitar a declaración de concurso voluntario.

A sentenza estima a excepción plantexada pola parte demandada de falta de lexitimación do Concello por mor dos dereitos atribuídos ao representante municipal. A sentenza considera que só o dereito de asistencia, sen o de voto consta na documentación estatutaria. Ao non figurar o de voto, conclúe a súa equivalencia co dereito á impugnación de acordos sociais, negando tal lexitimación ao representante municipal.

Esta sentenza non é firme, e non impón as custas do procedemento. O Servizo de Cultura, Fomento e Contratación deben coñecer do resolto, e no seu caso, propoñer motivadamente a apelación desta sentenza dentro do prazo para a súa interposición.

3.- Sentenza nº 222 do 27 de xuño de 2018

Expediente nº 10474/111

Xulgado do Social nº 5 REFORZO de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 279/2017

Obxecto: Demanda de despido nulo por vulneración de Dereitos Fundamentais e por non cumprirse os requisitos e condicións para resolver a relación indefinida de traballo. r

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente a demanda interposta polo demandante fronte ao Concello de Vigo por mor do seu cesamento.

Considera que se produce un despedimento improcedente, pero en ningún caso nulo. Os argumentos son semellantes aos de outras resolucións sobre persoal indefinido non fixo do Concello que non superaron ou non se presentaron ás probas selectivas dos procesos derivados da execución das ofertas de emprego.

Neste caso se recoñece o carácter de representante ao demandante, polo que é o demandante quen opta, ben pola readmisión no prazo de cinco días, ben á indemnización.

A Area de Recursos Humanos e a de Benestar Social deben coñecer do resolto.



## Concello de Vigo

4.- Sentenza nº 314 do 27 de xuño de 2018

Expediente nº 10587/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 137/2017

Obxecto: Resolución da X.G.L. na que se desestima recurso de alzada en relación co proceso selectivo da praza de Técnico Medio de Igualdade

Expte(s): 29493/220

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Resolveu por medio desta sentenza o TSXG o recurso de apelación fronte á sentenza de instancia, desestimatoria, confirmando a mesma.

Se examinou o axuste a dereito do desenvolvemento do proceso selectivo para a praza de Técnica/o media/o de Igualdade.

A Sala do C-A considerou os mesmos aspectos que a de instancia en canto inexistencia de erro manifestou ou falta de capacidade no órgano de selección, inidoneidade da proba pericial aportada pola parte demandante, ou falta de coñecemento dos criterios de calificación por parte dos/as aspirantes á praza.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto

5.- Sentenza nº 218 do 28 de xuño de 2018

Expediente nº 10747/111

Xulgado do Social nº 5 de VIGO

Seguridade social: 578/2017

Obxecto: Declaración incapacidade permanente parcial para a profesión habitual

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

Os departamentos de Persoal (Prevención de Riscos) e Seguridade debe coñecer o resolto.

6.- Auto nº 52 do 18 de xuño de 2018

Expediente nº 10922/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 341/2017

Obxecto: Resolución de data 30/06/17 ditada no Expediente de Responsabilidade Patrimonial nº 4988/243

Expte(s): 4988/243

Contía: 35.091,65 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual, execución do resolto en vía administrativa con imputación á concesionaria do servizo.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

7.- Auto nº 46 do 12 de xuño de 2018

Expediente nº 10971/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 362/2017

Obxecto: Contra resolución do Tribunal Económico Administrativo ditada o 27/04/2017, Taxas por aproveitamento especial do dominio público (O.F. nº 30), solicitude de rectificación de autoliquidación 2015  
Expte(s): 4251/550 e 1548/515

Declara rematado o procedemento polo recoñecemento en vía administrativa (por resolución do 15/05/2018).  
O TEA do Concello de Vigo, a Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

8.- Sentenza nº 160 do 29 de xuño de 2018  
Expediente nº 11185/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO  
Abreviado: 426/2017  
Obxecto: Contra desestimación recurso reposición contra declaración de responsabilidade tributaria solidaria en relación co IBI urbán, lixo vivendas e ICIO.  
Expte(s): 4477/550 - 34039-700

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso, ratificando a resolución municipal. Nomeadamente, o criterio do TEAC, que valida o que na vía administrativa se tramitou, e diferenciando o que é a responsabilidade solidaria e o que é a subsidiaria no pagamento de débedas tributarias.

O argumento dos demandantes era a de pretender unha traslación da mesma a un terceiro, no caso do IBI, por non tratarse dos propietarios-titulares do ben inmovible.

O TEAC e Administración de tributos-IBI deben coñecer do resolto.

9.- Decreto nº 185 do 26 de xuño de 2018  
Expediente nº 11276/111  
Xulgado do Social nº 1 de VIGO  
Ordinario: 33/2018  
Obxecto: Reclamación de cantidades e recoñecemento de dereitos.

Esta resolución aproba o acordo de conciliación ao que chegaron as partes, e que implica o remate do procedemento. A parte demandante desiste da acción fronte ao Concello de Vigo, que figuraba unicamente como codemandada.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

10.- Sentenza nº 148 do 18 de xuño de 2018  
Expediente nº 11348/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO  
Abreviado: 88/2018  
Obxecto: Contra resolución do 23/01/2018 ditada en expediente de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia de accidente de circulación.  
Expte(s): 5417/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.



## Concello de Vigo

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

11.- Sentenza nº 322 do 29 de xuño de 2018

Expediente APELACIÓN nº 11349/111

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A CORUÑA

Abreviado: 111/2018

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía física

Expte(s): 160107327

Esta sentenza de apelacion desestima o recurso, confirmando a sentenza de instancia, igualmente desestimatoria.

Se pretendía o recoñecemento do dereito á expedición da tarxeta de discapacidade para estacionamento, pero carecendo da documentación acreditativa da súa imposibilidade para empregar o transporte colectivo público.

Igualmente pretendía unha modificación da regulamentación local, para que aos doentes que sufrisen un síndrome específico, se lles expedira a tarxeta, o que o Tribunal desbota por inadmisíbel xuridicamente.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

12.- Sentenza nº 154 do 25 de xuño de 2018

Expediente nº 11360/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 125/2018

Obxecto: Contra resolución de 15/01/2018 que desestima reclamación por responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5074-243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

13.- Sentenza nº 158 do 27 de xuño de 2018

Expediente nº 11397/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 102/2018

Obxecto: Contra acordo da X.G.L. do 28/12/2017 que aproba a oferta de emprego público do ano 2017 e en concreto a convocatoria de dunha praza de Técnico Superior de Actividades Culturais e Educativas.

Expte(s): 29567/220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Decreto nº 185 do 22 de xuño de 2018  
Expediente nº 11524/111  
Xulgado do Social nº 5 de VIGO  
Ordinario: 30/2018  
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Este decreto resolve o acordo acadado entre as partes, e o desistimento fronte ao Concello de Vigo, quen figuraba emprazado como codemandado.

A empresa recoñece a débeda, e a traballadora, neste procedemento, acepta o ofrecemento realizado pola empresa, rematando con elo o procedemento.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

15.- Auto do 25 de xuño de 2018  
Expediente nº 11540/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO  
Abreviado: 228/2018  
Obxecto: Resolución de data 18/04/18 ditada no expediente sancionador nº 178707647

Este Auto resolve a desestimación da solicitude de suspensión da execución da resolución sancionadora. Non considera que se reúnan os requisitos esixidos para acceder á suspensión, ao tratarse dunha resolución de contido económico, e no caso de estimarse a demanda, ser susceptible de reversión, previa tramitación administrativa.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais





## Concello de Vigo

das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **4(783). - PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN ACNUR 2017. EXPTE. 146614/301.**

Visto o informe de fiscalización do 18/06/18, dáse conta do informe-proposta do 27/06/18, asinado polo xefe de área do servizo de Benestar Social e polo asesor xurídico adxunto do servizo de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2017, concedeuselle á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 30.000€ para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de artigos básicos esenciais, non alimentarios, entre a poboación desprazada en Irak nas zonas de Salah al Din e Kirkuk, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo: “*ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK*” (Exp. nº 146614/301).

I.2. A concesión desta subvención directa rexéase polas Estipulacións particulares do acordo de concesión. En concreto, na súa estipulación 5ª (“*Pagamento*”) estableceuse que, tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizaríase un pagamento anticipado polo 100% do importe

concedido, que se xustificaba legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («*Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior*»).

I.3. Por outra banda, na Estipulación 7ª preveuse un réxime especial de xustificación da axuda nos seguintes termos:

«7ª.- *Xustificación: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR en Irak, establécese un réxime especial de xustificación.*

*A xustificación que se entregará no Rexistro xeral municipal, antes do 15.11.2017, como comprobante da recepción e correcta execución dos fondos incluírá os seguintes documentos:*

- *Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.*
- *Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).*
  - *Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.*
  - *Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).*
  - *Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).*
  - *Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR)*
- *Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).*
- *Ficha resumo sobre a situación da emerxencia.*

*Ademais, antes do 31.03.2018, facilitarase a seguinte documentación:*

- *Informe técnico final*
- *Documentación acreditativa do control de fondos:*
  - *Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.*
  - *Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.*
  - *Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.*

*A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións».*

I.4. A representante da entidade beneficiaria (Asociación “España con ACNUR”) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOLICITUDE: W254035-355; Exp. nº 148727/301) a documentación administrativa xustificativa da subvención prevista para 2017, integrada por:

1. Certificado do tipo de cambio aplicado.
2. Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
  - Copia do ingreso da subvención concedida.
  - Copia da transferencia bancaria efectuada



## Concello de Vigo

- Certificado da desagregación da tranferencia bancaria efectuada
- Certificado da non existencia de gastos e intereses
- 3. Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR)
- 4. Ficha resumo sobre a situación da emerxencia subvencionada polo Excmo. Concello de Vigo.

I.5. Verificado o contido desa documentación (arquivo anexado desde a web: *doc\_avance\_y\_control\_fondos\_er\_irak\_2017\_ayto.\_vigo.pdf*), a mesma resultou estar completa e cumprir co disposto naquela Estipulación 7ª do acordo de concesión.

I.6. Tal como nela se sinalaba, antes do 31.03.2018 a beneficiaria debería presentar o informe técnico final e a documentación acreditativa do control de fondos co contido que alí se relaciona.

I.7. En data 27.03.2018, a representante da entidade beneficiaria presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (COD. SOLICITUDE: W267668-9146; Exp. nº 146614/301) a 2ª parte da documentación administrativa xustificativa da subvención, integrada por:

- Informe técnico final do proxecto, elaborado pola responsable técnica de proxectos da Asociación, Karmele Sáez.
- Documentación acreditativa do control de fondos:
  - Certificado emitido o 26.03.2018 pola Directora de proxectos e relacións institucionais da Asociación “España con ACNUR” de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
  - Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR o 31.12.2017, asinada polo Director do Servizo de relación co doantes e captación de fondos de ACNUR-Ginebra, Paul Stromberg, xustificativa do gasto realizado.
  - Certificado emitido o 26.03.2018 pola Directora de proxectos e relacións institucionais da Asociación “España con ACNUR”, acreditando a autenticidade da copia da factura.

Polo exposto, enténdese correcta e totalmente xustificada a subvención directa por importe de 30.000€ concedida con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda o tercer mundo*”) dos orzamentos de 2017 á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados), CIF G- 80757560, para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de artigos básicos esenciais, non alimentarios, entre a poboación desprazada en Irak nas zonas de Salah al Din e Kirkuk (“ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK”).

I.8. Remitido o expediente á Intervención xeral municipal o 10.04.2018, en data 18.06.2018 emítese informe de fiscalización de conformidade, indicando a necesidade de que o Servizo Xestor (Benestar Social) realice unha “*proposta de aprobación da conta xustificativa á Xunta de Goberno Local, que é o órgano concedente da subvención*”.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,  
«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2017 á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) por importe de 30.000€ para o desenvolvemento dun proxecto de

distribución de artigos básicos esenciais, non alimentarios, entre a poboación desprazada en Irak nas zonas de Salah al Din e Kirkuk, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo: “ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK” (Exp. nº 146614/301).

SEGUNDO: Os documentos integrantes desa conta xustificativa son os seguintes:

1. Certificado do tipo de cambio aplicado.
  2. Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
    - Copia do ingreso da subvención concedida.
    - Copia da transferencia bancaria efectuada
    - Certificado da desagregación da transferencia bancaria efectuada
    - Certificado da non existencia de gastos e intereses
  3. Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR)
  4. Ficha resumo sobre a situación da emerxencia subvencionada polo Excmo. Concello de Vigo.
- Informe técnico final do proxecto, elaborado pola responsable técnica de proxectos da Asociación, Karmele Sáez.
  - Documentación acreditativa do control de fondos:
    - Certificado emitido o 26.03.2018 pola Directora de proxectos e relacións institucionais da Asociación “España con ACNUR” de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
    - Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR o 31.12.2017, asinada polo Director do Servizo de relación co doantes e captación de fondos de ACNUR-Ginebra, Paul Stromberg, xustificativa do gasto realizado.
    - Certificado emitido o 26.03.2018 pola Directora de proxectos e relacións institucionais da Asociación “España con ACNUR”, acreditando a autenticidade da copia da factura».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(784).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE 1538/611**

Visto o informe de fiscalización do 12/07/18, dáse conta do informe-proposta do 05/07/18, asinado pola secretaria da Mesa de contratación, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 18-07-19(393)30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) na seguinte orde descendente:*

| Orde | PUNTUACIÓNS                     | TOTAL |
|------|---------------------------------|-------|
| 1    | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.    | 97,50 |
| 2    | OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.   | 90,27 |
| 3    | GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | 67,54 |

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional prevista no apartado 6D do Anexo I -FEC-.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

**Terceiro.-** *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.083,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o día 12 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta incompleta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, concederlle un prazo de 3 días hábiles para que a completen.

Dentro do prazo concedido, na data 2 de xullo de 2018, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A. presentou a documentación requirida en prazo.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de maio e 4 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:*



## Concello de Vigo

- a) *O prezo total do contrato é de 21.724,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros.*
- b) *Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(785).- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL 2019. EXPTE. 2488/500**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 16/07/17 e o informe de fiscalización do 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 04/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal xeral”, para o exercicio 2019 que consta neste expediente.

A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas nesta ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan no presente expediente.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para o exercicio 2019, segundo proposta do Sr. Tesoureiro municipal formulada en expediente 19814/541 de data 22 de xuño de 2018, introdúcense as seguintes modificacións:

**I)** Modifícanse os artigos 41 a 44 sobre aprazamentos e fraccionamentos de débedas tributarias e demais de dereito publico.

- Coa nova regulación ampliáanse os prazos nos que se poderán satisfacer as débedas aprazadas ou fraccionadas

| Vixente ordenanza |          |             | Nova Proposta   |          |             |
|-------------------|----------|-------------|-----------------|----------|-------------|
|                   | Xeral    | excepcional |                 | Xeral    | excepcional |
|                   |          |             | Ata 500         | 6 meses  | 12 meses    |
| Ata 1000 euros    | 3 meses  | 12 meses    | De 500,01-1000  | 9 meses  | 18 meses    |
| De 1000,01 a 3000 | 6 meses  | 18 meses    | De 1000,01-3000 | 12 meses | 24 meses    |
| De mais de 3000   | 12 meses | 24 meses    | De 3000,01-9000 | 18 meses | 30 meses    |
|                   |          |             | De máis de 9000 | 24 meses | 36 meses    |

- Mellóranse e obxectívanse as condicións que deben cumprir as persoas físicas solicitantes para a aplicación de prazos excepcionais

| Vixente ordenanza                                   | Nova Proposta  |
|---|--|
| Que a persoa non teña ingresos un mínimo de 6 meses | Se non ten menores a cargo, 2 veces IPREM en 14 pagas.   |
| Que a persoa sexa desempregada de longa duración    | Con un menor a cargo, 2,5 veces IPREM en 14 pagas.   |
| Que a persoa teña unha renda < que 2,5 veces IPREM  | Con dous ou máis menores a cargo, 3 veces IPREM, en 14 pagas.  |
|   | Se o solicitante ou un membro da unidade familiar ten unha discapacidade $\geq$ 33% ou é vítima de violencia de xénero, incrementaranse 0,5 veces. |

- Elevase ata 18.000€ o importe da débeda con dispensa de garantía. Na vixente ordenanza o límite está en 9.000€

**II)** Incorporase un procedemento de tramitación automatizada de aprazamento ou fraccionamento de débedas que será habilitado na sede electrónica e tamén de forma presencial nas ventanillas de recadación do concello. O obrigado ao pagamento obterá a aceptación ou denegación do fraccionamento no momento da solicitude.

**III)** Mellorase tecnicamente a redacción do artigo 46 bis relativo ao fraccionamento en 10 cotas mensuais, tendo a nova redacción maior claridade e maior transparencia o procedemento.

#### **Informe sobre repercusión orzamentaria.**

A presente modificación incide nos prazos da recadación de ingresos pero carece de repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias.





## Concello de Vigo

### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Innecesariedade do trámite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.**

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA.**

*Engádese un novo parágrafo no punto 4.*

4. Os formularios/modelos/impresos normalizados de, autoliquidacións, solicitudes de fraccionamentos/aprazamentos e outros relativos á xestión recadadora serán aprobados mediante resolución da Concellería de Facenda.

A utilización dos formularios/modelos/impresos normalizados será preceptiva, estando a disposición dos contribuíntes na sede electrónica municipal. Se o contribuínte non empregara o modelo normalizado correspondente, a administración municipal lle requirirá a súa presentación nun prazo non superior a 10 días. De non terse presentado no prazo indicado, entenderase que ten desistido da súa solicitude arquivándose a mesma sen necesidade de resolución.

**ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO**

**1.** O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderán aprazarse ou fraccionarse, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, 44 a 54 do Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo RD 939/2005 do 29 de xuño, e nesta Ordenanza.



## Concello de Vigo

### **2. Prazos e requisitos:**

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas en período voluntario de recadación.

#### **2.1.- Criterios xerais:**

Todas as persoas e entidades que acrediten dificultades transitorias de tesourería nos términos da presente Ordenanza e cumpran cós restantes requisitos esixidos poderán solicitar e obter o aprazamento ou fraccionamento das súas débedas nos seguintes prazos máximos:

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 6 meses ou 6 mensualidades.
- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 9 meses ou 9 mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou 12 mensualidades.
- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.
- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.

#### **2.2.- Criterios excepcionais:**

Establécense os seguintes prazos excepcionais para as persoas e entidades nas que se dean as condicións indicadas nos subepígrafes 2.2.a), 2.2.b) e 2.2.c):

- As débedas ata 500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 12 meses ou 12 mensualidades.
- As débedas de 500,01 a 1.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 18 meses ou 18 mensualidades.
- As débedas de 1.000,01 a 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 24 meses ou 24 mensualidades.
- As débedas de 3000,01 a 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 30 meses ou 30 mensualidades.
- As débedas de máis de 9.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de 36 meses ou 36 mensualidades.

Para os efectos da determinación do prazo ou número de fraccións máximo que se poderían conceder terase en conta, no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude, como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o

aprazamento ou fraccionamento, sempre que se trate de débedas no mesmo período de recadación.

**2.2. a).**- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que non teñen a condición de empresarios ou profesionais:

A unidade familiar á que pertenza o titular da débeda debe de ter unha renda bruta conxunta anual inferior aos seguintes importes :

1) 2 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se non hai ningún menor de idade na unidade familiar.

2) 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), calculado en 14 pagas, se hai un menor de idade na unidade familiar.

3) 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) calculado en 14 pagas , se hai dous ou máis menores de idade na unidade familiar.

4) Se o solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar teñen un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou son vítimas de violencia de xénero, os límites anteriores incrementaríanse en 0,5 veces.

**2.2.b).**- Condicións que deben cumprir as persoas físicas que teñen a condición de empresarios ou profesionais:

- Aplicaráselle os requisitos esixidos no apartado anterior (2.2.a)) pero para a determinación da renda bruta conxunta da unidade familiar terase en conta os rendementos netos das actividades económicas desenvolvidas.

**2.2.c).**- Condicións que deben cumprir as persoas xurídicas e entidades:

- Deben de acreditar un resultado de explotación negativo nos tres últimos exercicios sociais cerrados.

**3.** Cando o debedor teña a condición de Sector Público e a contía da súa débeda se estime que poida afectar significativamente ao cumprimento dos propios fins, o Concello poderá, previa solicitude e xustificación, conceder un aprazamento excepcional tanto en período voluntario como en período executivo, coa excepción prevista no artigo 46.1.b) do RXR. O prazo do aprazamento non terá os límites previstos no apartado 2 deste artigo e será avaliado, en cada caso, ao teor das circunstancias e da contía da débeda.

De darse as circunstancias indicadas, estas administracións quedarán exentas de constitución de garantías.

## **ARTIGO 42.- SOLICITUDE**

1. Os aprazamentos ou fraccionamentos concederanse pola Administración municipal, previa solicitude dos obrigados ao pagamento.

O interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia na formulación da súa solicitude.



## Concello de Vigo

2. Inadmitiranse as seguintes solicitudes de aprazamento e/ou aprazamento:

- As da prestación pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos correspondente á autoliquidación presentada.

- As solicitudes que inclúan débedas en período voluntario e executivo. Neste suposto comunicáraselle ao interesado que, se o desexa, debe presentar dúas solicitudes, unha pola totalidade da débeda en período executivo e outra, pola totalidade da débeda en período voluntario.

- As solicitudes que non inclúan todas as débedas que estean en período executivo no momento da súa presentación.

- As solicitudes de débedas en período voluntario se non solicita simultaneamente o aprazamento ou fraccionamento de todas as débedas que estean en período executivo no momento da presentación.

- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento reiterativas doutras anteriores que fosen obxecto de denegación previa cando non conteñan ningunha modificación substancial respecto da solicitude previamente denegada.

- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento que resulten extemporáneas por non formularse nos prazos previstos no art. 46.1 do Regulamento Xeral de Recadación.

A inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento implicará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos.

Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso potestativo de reposición ou reclamación económico administrativa.

3. As solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento de pagamento dirixiranse ao tesoureiro municipal, que é a quen corresponde avaliar a situación económico-financeira do obrigado ao pagamento en relación á posibilidade de satisfacer os débitos, así como a suficiencia e idoneidade das garantías propostas ou, no seu caso, a concorrencia das condicións precisas para obter a dispensa de garantía.

4. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento conterá, necesariamente, os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado ao pagamento e, no seu caso, da persoa que o represente.

b) Identificación das débedas cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicite, debendo figurar necesariamente, cando menos, o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.

c) Causas que acrediten que a súa situación económico-financeira lle impide, de forma transitoria, efectuar o pagamento.

d) Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.

e) Lugar, data e sinatura do obrigado ao pagamento así como, no seu caso, a do seu representante.

f) Se solicita o aprazamento ou fraccionamento dunha autoliquidación deberá achegar esta debidamente cumprimentada no modelo normalizado establecido para o efecto, agás que o interesado non estea obrigado a presentala por estar xa en poder da administración.

5. O obrigado tributario deberá xustificar a falta de liquidez ou de tesourería, así como a capacidade para xerar recursos para facer fronte ao pago da débeda nos prazos solicitados, para o que deberá achegar a seguinte documentación:

**a) Se o solicitante é unha persoa física:**

- Copia íntegra da última declaración do IRPF presentada polo solicitante.

Non será precisa a achega da declaración do IRPF cando o solicitante autorice ao concello de Vigo solicitar á AEAT dita información.

- No caso de que o interesado non estea obrigado a presentar declaración do IRPF, deberá achegarse un certificado de rendas imputables para os efectos do IRPF correspondente ao último exercicio fiscal, expedido pola AEAT.

- Copia da última nómina ordinaria percibida.

- Si percibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo órgano competente.

- No seu caso, certificación da prestación por desemprego, facendo constar o seu importe, ou certificación de atoparse en situación de demandante de emprego, expedidas polos órganos competentes.

- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade do/a debedor/a abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo, que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

**b) Se o solicitante é unha persoa xurídica:**

- As contas anuais dos tres últimos exercicios sociais depositadas no rexistro mercantil.

- Balance de situación á data da presentación da solicitude.

- Certificación ou documento equivalente expedido pola entidade bancaria dos saldos de todas as contas correntes e valores de titularidade da empresa abertas en entidades de depósito e referidas á data da solicitude. Tamén se admitirá, para estes efectos, declaración responsable de apoderado da entidade na que se faga constar a inexistencia de fondos ou outros activos líquidos ou realizables no curto prazo que lle permitan facer fronte ao pagamento da débeda.

6. Todas as persoas físicas que soliciten os prazos excepcionais (artigo 41.2.2) deberán achegar, ademais da establecida nos apartados anteriores, a seguinte:



## Concello de Vigo

- Fotocopia do libro de familia da unidade familiar ou, no seu caso, certificación da folla individual do Rexistro Civil do titular ou de cada un dos individuos da unidade familiar .
- Certificado de empadramento, emitido á data da presentación da solicitude, do titular e de todos os membros da unidade familiar.
- Copia da última declaración de IRPF presentada por todos os membros da unidade familiar.
- Certificado dos servizos sociais do órgano competente, que acredite as circunstancias especiais requiridas para a aplicación da porcentaxe adicional do artigo 41 subepígrafe 2.2. a) punto 4).

Non será precisa a achega das declaracións de IRPF cando todos os membros da unidade familiar autoricen ao concello de Vigo a solicitar á AEAT a información, documentos e certificacións necesarios para a tramitación da solicitude.

Tamén se poderá substituír a achega do certificado de empadramento pola autorización expresa do solicitante para realizar a consulta ante o Padrón Municipal de Habitantes. Este suposto só será de aplicación a contribuíntes empadroados no municipio de Vigo.

7 Se o solicitante está obrigado a presentar garantía, compromiso expreso e irrevogable da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca de formalizar aval solidario ou certificado de seguro de caución

8. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta que se admita unha que non consista en aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, achegarse xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable e xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

b) Valoración dos bens ofrecidos en garantía efectuada por empresas ou profesionais especializados e independentes. Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, a Administración poderá esixir que a valoración se efectúe por unha empresa ou profesional inscrito en dito rexistro.

9. Se o solicitante está obrigado a presentar garantía e insta a dispensa total ou parcial de mesma achegarse xunto á solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable manifestando carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía. Esta declaración deberá de ser xustificada documentalente.

b) Xustificación documental da imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución, no que consten as xestións efectuadas para a súa obtención. Neste sentido, a imposibilidade de obter dito aval ou certificado de seguro de caución deberá acreditarse coa negativa de dúas entidades financeiras ou aseguradoras.

c) Balance de situación e conta de resultados dos tres últimos exercicios sociais.

d) Plan de viabilidade e calquera outra información que xustifique a posibilidade cumprir o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

#### **ARTIGO 43.- GARANTÍAS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS**

1. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración Pública ou o importe da débeda, cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, sexa inferior a 18.000,00 euros.

Para os efectos da determinación deste importe, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas ás que se refire a propia solicitude (principal, xuros de mora, recargas do período executivo e custas no seu caso), como calquera outra do mesmo debedor polas que tivese solicitado e non resolto o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, agás que estean debidamente garantidas, sempre que estean no mesmo período de recadación, voluntaria ou executiva.

2. As débedas aprazadas ou fraccionadas que deban garantirse deberán asegurarse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante un certificado de seguro de caución, cuxa vixencia deberá exceder ao menos en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos.

Unicamente, cando se xustifique que non é posible obter aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, ou que a súa achega compromete gravemente a viabilidade económica do obrigado ao pago, a Administración poderá admitir outras garantías que se estimen suficientes a xuízo da Tesourería Municipal.

Excepcionalmente, poderá dispensarse total ou parcialmente da prestación das garantías esixibles, cando o obrigado ao pago careza dos bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

3. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de mora que xere o aprazamento e un 25 por cento da suma das dúas partidas.

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado, incluíndo a recarga do período executivo correspondente, os xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 5 por cento da suma de ambas partidas.

4. A garantía deberá formalizarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión cuxa eficacia quedará condicionada a dita formalización. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixirase inmediatamente a débeda pola vía de constrinximento xunto cos seus xuros e a recarga do período executivo que corresponda, sempre que tivera finalizado o período voluntario de ingreso. Se o aprazamento se tivera solicitado en período executivo, iniciarase ou continuará, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

5. Cando se tivera realizado anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo do tesoureiro, considerarase garantida a débeda e non será necesario achegar nova garantía.





## Concello de Vigo

### **ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN**

1. Acumularanse nun mesmo expediente as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas que estean en período voluntario no momento da presentación da solicitude. Non se acumularán aquelas, cuxa solicitude xa fose resolta expresamente.

2. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de dito expediente.

Se a solicitude se presenta en período executivo a Administración tributaria poderá iniciar ou, no seu caso, continuar o procedemento de prema durante a tramitación do aprazamento ou fraccionamento.

a) Se a solicitude se presenta en período voluntario de ingreso, o fraccionamento ou aprazamento concederase polo importe do principal máis os xuros de mora sobre a débeda aprazada.

b) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando aínda non se notificou a providencia de prema e, polo tanto, a recarga executiva é do 5%, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 5% da recarga executiva máis os xuros de mora correspondentes.

c) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando se notificou a providencia de prema, pero aínda non transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 10% da recarga de prema reducida máis os xuros de mora correspondentes.

d) Se a solicitude se presenta en período executivo, cando transcorreron os prazos de pagamento establecidos no artigo 62.5 da LXT, concederase o fraccionamento ou aprazamento polo importe do principal máis o 20% da recarga de prema ordinaria máis os xuros de mora correspondentes.

3. Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, se concorre algún defecto na mesma ou na documentación achegada, concederase ao interesado un prazo de 10 días para a súa emenda e/ou achega co apercibimento de que se así non o fixera procederase, sen máis trámite, ao arquivo da solicitude, posto que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

Neste caso, o interesado poderá acudir ás dependencias municipais a fin de obter asistencia para a contestación ao requirimento notificado, o que se lle indicará no mesmo.

No suposto de solicitudes por prazos superiores aos máximos establecidos na presente ordenanza, as resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento outorgaranse polos prazos máximos establecidos no artigo 41, ao considerar que esta circunstancia non é un defecto polo que non será obxecto de requirimento de emenda.

4. Durante a tramitación da solicitude o debedor deberá efectuar o pago do prazo, fracción ou fraccións propostos naquela, podendo, no caso contrario, denegarse a solicitude por concorrer dificultades económico-financeiras de carácter estrutural.

5. Para a resolución dos expedientes, os órganos de recadación avaliarán o carácter transitorio das dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento.

Por carácter transitorio das dificultades económico-financeiras debe entenderse a ausencia ou escaseza de recursos líquidos suficientes, con carácter conxuntural e non estrutural, que non permita a cancelación das súas obrigas inmediatas.

Entenderase como unha situación conxuntural, todas aquelas que teñen causa na actual situación económica que poden ter unha continuidade no tempo.

No caso de empresarios ou profesionais as dificultades económico-financeiras de carácter conxuntural avaliaranse preferentemente a través do estudo da última declaración do imposto sobre a renda presentada, así como de calquera outra que puidese resultar de utilidade achegada voluntariamente ou previo requirimento municipal.

O requisito de transitoriedade das dificultades económico-financeiras observarase, procurando evitar que, a través de reiteradas e sucesivas solicitudes, especialmente de tributos periódicos de notificación colectiva, o Concello aprobe de forma sistemática aprazamentos ou fraccionamentos nos casos nos que non hai problemas económico-financeiros de carácter conxuntural.

Cando se aprecien as dificultades económico-financeiras do obrigado ao pagamento, teranse en conta aquelas circunstancias que poidan ser reflexo de dificultades estruturais, de falta de viabilidade da actividade, ou ben de utilización indebida desta facilidade de pagamento, de especial importancia nas solicitudes de prazos dilatados, ou con dispensa total ou parcial de garantía. En concreto, examínase:

- O cumprimento das súas obrigas tributarias, incluídos outros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.

- A reiteración na solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos sobre a mesma débeda tributaria de exercicios anteriores.

- A cancelación por incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con anterioridade.

6. Os expedientes de aprazamento e fraccionamento finalizarán mediante resolución da Concellería da Área de Orzamentos e Facenda.

7. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento especificarán os prazos de pagamento e demais condicións do acordo, que poderán ser distintos dos solicitados. En todo caso, o vencemento dos prazos deberá coincidir cos días 5 ou 20 do mes e o importe das cotas mensuais serán o mesmo.

8. As resolucións que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento, notificaranse ao solicitante advertíndolle dos efectos que se producirán, no seu caso, de non constituírse a garantía no prazo establecido así como dos efectos de falta de pagamento. A devandita notificación incorporará o cálculo dos xuros de mora asociados a cada un dos prazos de ingreso concedidos.



## Concello de Vigo

No caso de autoliquidacións presentadas en prazo xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, o acordo de concesión aprobará a liquidación que corresponda.

No caso de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo o acordo de aprobación incluírá as recargas e xuros que procedan.

9. Se a resolución ditada fose denegatoria, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, coa advertencia de que de non producirse o ingreso en devandito prazo, comezará o período executivo e o procedemento de constrinximento.

Coa notificación remitíraselle a/s carta/s de pagamento na que se incluírá a liquidación dos xuros de mora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata o último día do prazo do artigo 62.2 da LXT. aberto coa notificación da resolución.

O solicitante terá dereito a solicitar e a obter a devolución dos xuros de mora que lle correspondan se efectúa o pagamento antes do último día do prazo aberto coa notificación da resolución desestimatoria.

No caso de autoliquidacións presentadas durante o período voluntario de ingreso xunto coa solicitude de aprazamento ou fraccionamento, a resolución denegatoria conterà, así mesmo, a aprobación da liquidación correspondente cos xuros devindicados dende a finalización do período voluntario de ingreso.

Tratándose de autoliquidacións extemporáneas sen requirimento previo, a resolución denegatoria aprobará a liquidación que corresponda coas consecuencias ás que se refire o artigo 15 desta ordenanza xunto cos xuros devindicados dende o día seguinte ao da presentación da autoliquidación extemporánea.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá iniciarse ou continuar, no seu caso, o procedemento de constrinximento.

10. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo. Transcorrido devandito prazo sen que tivera recaído resolución, os interesados poderán considerar desestimada a solicitude para deducir fronte á denegación presunta o correspondente recurso ou esperar a resolución expresa.

### **ARTIGO 44BIS. TRAMITACIÓN AUTOMATIZADA**

1. O solicitante pode optar pola tramitación automatizada da súa solicitude excepto que a débeda da que pida o aprazamento ou fraccionamento se atope nos seguintes supostos:

a) Que estea emitida a dilixencia de embargo.

b) Que haxa execución de embargo en conta e o importe executado cubra a contía da débeda que pretende fraccionar ou aprazar.

c) Que estea emitida a notificación de embargo de salarios ou inmobles.

d) Que estea emitida a orde de busca e captura dalgún vehículo.

e) Que o procedemento de recadación estea suspendido por concurso de acredores, constitución de garantía, compensación, proposta de baixa ou por outras causas establecidas legal ou regulamentariamente.

f) Que o debedor teña débedas en período executivo sobre as que non haxa solicitado o preceptivo fraccionamento ou aprazamento.

g) Que algunha das débedas que se pretende fraccionar ou aprazar, estivesen incluídas con anterioridade noutro expediente de fraccionamento ou aprazamento, e resultasen impagadas.

h) O importe máximo das débedas a fraccionar ou aprazar sexa superior a 18.000€ .

## 2.- Prazos.

Os prazos serán os establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza Fiscal Xeral- criterios xerais-. Non serán de aplicación os criterios excepcionais recollidos no artigo 41.2.2 da dita ordenanza.

## 3.- Tramitación.

a) En sede electrónica estará habilitada esta opción de tramitación.

b) Directamente nas ventanillas de recadación do Concello, en cuxo caso será asistido polo persoal municipal.

## 4.- Resolución da solicitude.

a) Estimatoria. A tramitación rematará cunha resolución que se lle notificará no acto ao solicitante.

En sede electrónica xerárase un documento que acreditará a recepción da notificación da resolución, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

En ventanilla entregarase un documento que conterá a resolución da solicitude, que incluírá necesariamente un selo de órgano.

b) Arquivo. Se a solicitude incumpre algún dos requisitos para a súa tramitación automatizada só poderá empregar a tramitación ordinaria conforme ao establecido no artigo 44 da vixente ordenanza.

## 5.- Contía de cada fracción.

O sistema calculará, tendo en conta os prazos ordinarios establecidos no artigo 41.2.1 da Ordenanza, un contía fixa, que se fará efectiva mensualmente mediante domiciliación bancaria.

6.- Queda facultada a Concellería de Orzamentos e Facenda, previo informe do Tesoureiro, para ditar as instrucións necesarias conducentes ao desenvolvemento operativo do procedemento, sempre e cando non contradiga o previsto no artigo 44BIS da Ordenanza Fiscal Xeral.

## **ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.**

*Modifícanse no punto 3 os apartados b) e c), e os puntos 4, 6, 8 e 9.*

## 3.

b) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.



## Concello de Vigo

c) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito de titularidade do solicitante. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.

4. Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día DEZ ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.

6. Cotas. A Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción en función dos recibos dos tributos de cobramento periódico e notificación colectiva dos que fose titular no exercicio anterior, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.

No suposto de que o solicitante deixe de estar acollido a este sistema especial de pagamento por non cumprir os requisitos establecidos nas letras b) ou d) do apartado 3 deste artigo procederase de oficio á devolución das cotas que resultasen pagadas.

8. A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no calendario do contribuínte.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Se unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" resultasen recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadadora.

9. Os interesados deberán comunicar expresamente calquera cambio na domiciliación bancaria, producindo efectos na vindeira cota, sempre que se solicite antes do día 20 de cada mes ou inmediato hábil seguinte.

### **DISPOSICIÓN FINAL:**

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(786).- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES 2019. EXPTE. 2489/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 16/07/17 e o informe de fiscalización do 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**PRIMEIRA.-** O Concello de Vigo en sesión plenaria de data 23 de outubro de 2006 aprobou unha modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles para o exercicio 2007 e seguintes incorporando a seguinte exención potestativa:

*“artigo 5 Exencións.*

*1. Estarán exentos os seguintes inmobles:*

.....

*i) Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentres que continúen afectados a uso sanitario”.*

A incorporación do citado beneficio fiscal potestativo tiña o seu fundamento na Lei 55/1999 de 29 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que acompañaba á Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano 2000.

O artigo 18 da Lei 55/1999 titulaba a modificación: *“Beneficios fiscais no Imposto sobre Bens Inmobles a Centros Sanitarios de titularidade pública”* lexitimando así unha autorización aos Concellos para regular a exención a este tipo de inmobles nos seguintes termos:

*“Así mesmo, as ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na Ordenanza fiscal”.*

O texto anterior constitúe o artigo 62.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e o seu contido habilita aos Concellos para configurar un beneficio fiscal potestativo,



## Concello de Vigo

fundamentado, en última instancia, na autonomía local dos municipios consagrada no artigo 137 da CE e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, na súa vertente financeira e tributaria (artigos 4.1.b) da Lei 7/85 RBRL e artigo 12 do TRLRFL)

**SEGUNDA.-** Segundo as instrucións recibidas da Concellería de Orzamentos e Facenda, formúlase, no presente expediente, unha proposta que mellora a redacción da exención e que incorpora, de xeito máis claro, a finalidade do precepto que evitará controversias na súa interpretación e que dota ao texto da ordenanza de maior seguridade xurídica.

Afiánzase o carácter subxectivo da exención, que se dirixe aos “centros de saúde” nos que o suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto sexa o Servizo Galego de Saúde e nos que a atención se realiza por empregados públicos. Exclúense do beneficio fiscal aos bens inmobles, en todo ou en parte, nos que exista algún terceiro perceptor de cantidades de diñeiro público por prestar estes servizos ou, outros que impliquen cesión de espazos nos inmobles nos que se aplique a exención.

Dende un punto de vista formal, regulase como exención de carácter rogado para que se poidan verificar os requisitos de desfrute do beneficio fiscal e, deste modo, se poida contar cun acto expreso de concesión daquela.

Dende a perspectiva do elemento teleolóxico da exención, o texto proposto serve mellor a súa finalidade, ao delimitar claramente o ámbito obxectivo dos inmobles aos que se aplica este beneficio fiscal.

Con estas premisas, formúlase unha proposta de modificación de determinados aspectos substantivos e formais do beneficio fiscal potestativo aprobado en sesión de 23 de outubro de 2006 que, por un lado, amplía a exención a favor do SERGAS nos inmobles destinados a Centros de Saúde e por outro lado, clarifica a non inclusión no beneficio fiscal dos inmobles de uso sanitario cedidos a terceiros mediante contraprestación.

A regulación proposta amplía a exención a todos os “Centros de Saúde” nos que o SERGAS sexa suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto, mentres que ata o presente, só resultaba exento o Centro de Saúde de San Paio de Navia, por ser o único que fora creado con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007.

Por outra parte, co texto proposto non resultarán exentos bens inmobles que teñan sido cedido a terceiros mediante contraprestación. Esta nova regulación, con este límite, resulta máis coherente co disposto no propio Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a propósito do tratamento fiscal doutros bens inmobles:

*“Artigo 61.5 TRLRFL:*

*5. Non están suxeitos a este imposto:*

*a) As carreiras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre é hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.*

*b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios nos que estean enclavados:*

- Os de dominio público afectos ao uso público.*
- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, **excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.***

- *Os bens patrimoniais, exceptuado igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación”.*

**TERCEIRA.-** De conformidade coa proposta do Sr. Tesoureiro municipal de data 22 de maio de 2018 (expediente 19814/541), amplíase a bonificación do sistema especial de pagamento desde imposto ás entidades do artigo 35.4 da Lei xeral tributaria (herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición).

A aplicación do principio de xustiza tributaria aconsella que as entidades do artigo 35.4 da LXT , nas que a responsabilidade solidaria de pagamento (artigo 42.1.b) da LXT) recae en persoas físicas, gocen da bonificación do 3% recoñecida no artigo 12 da Ordenanza fiscal deste imposto.

**CUARTA.- Informe sobre repercusión orzamentaria.**

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do PACAP, faise constar a continuación a estimación da minoración orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana do próximo exercicio 2019 e seguintes:

Segundo os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, a cota tributaria por este imposto que corresponde aos Centros de Saúde nos que é suxeito pasivo obrigado ao pagamento o SERGAS é de 80.000 €. O importe no que se podería minorar a recadación do imposto pola ampliación ás entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria da bonificación do 3% da cota por pagamento en dous prazos, sería de 5.000€. Estímase, en consecuencia que a minoración que se producirá no próximo presuposto de ingresos de 2.019 será de 85.000€.

**QUINTA.- Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

**SEXTA.- Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.**

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

**SÉTIMA.- Tramitación da modificación**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo





## Concello de Vigo

que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.**

*Suprímese do punto 1 o apartado i). Engádese no punto 2 un novo apartado e), co seguinte tenor literal:*

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

i) Suprímese este apartado i)

2.

e) En aplicación do artigo 62.3 do TRLRFL, os Centros de Saúde nos que a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto, segundo a prelación establecida no artigo 61 do citado TRLRFL recaia sobre o SERGAS e se cumpran as restantes circunstancias descritas neste apartado.

Considéranse, aos efectos desta Ordenanza, Centros de Saúde, aos bens inmobles nos que, conforme ao disposto no RD 1277/2003 de 10 de outubro, o SERGAS desenvolva “Atención Primaria de Saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No caso de que nun mesmo inmovible coexistan “Servizos de Atención Primaria” con outros servizos, procederá a redución da cota do Imposto na proporción da superficie ocupada polos Servizos de Atención Primaria de Saúde respecto da totalidade do inmovible.

**ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

*Modifícanse os puntos 1, 3 e 7 que quedaran redactados como segue,*

1. Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, establécese un sistema especial de pagamento das cotas por recibo do Imposto sobre Bens Inmobles que, ademais do fraccionamento da débeda nos termos previstos neste artigo, permitirá aos obrigados tributarios que se acollan a este sistema, o goce dunha bonificación do 3% da cota do Imposto.

3. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade financeira, que o obrigado ao pagamento sexa persoa física ou unha das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria e que se formule a oportuna solicitude no impreso normalizado que se aprobe ao efecto.

O solicitante, obrigado tributario, deberá ser titular da conta na que se materializará a domiciliación.



## Concello de Vigo

7. Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto manterase a domiciliación polo que, o derradeiro día do prazo de ingreso en período voluntario pasaráselle un cargo pola totalidade do importe do recibo. Se o recibo fose devolto darase de baixa a domiciliación para os vindeiros exercicios.

Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do segundo prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente, iniciándose o período executivo pola cantidade pendente de ingreso.

A devolución do cargo da domiciliación do segundo prazo por causa imputable ao interesado suporá automaticamente a baixa de dita domiciliación para os vindeiros exercicios.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(787).- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA 2019. EXPTE. 2490/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 16/07/17 e o informe de fiscalización do 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica” para o exercicio 2019, que consta no presente expediente.

Por motivos de carácter medioambiental e por seren vehículos favorecedores da mobilidade, propónse unha redución do 10% das tarifas vixentes relativas a motocicletas das categorías fiscais cuxo importe excede do mínimo establecido no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL. Ciclomotores e motocicletas de ata 125cc figuran xa no texto vixente co importe mínimo legal.

### **Informe sobre repercusión orzamentaria**

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do PACAP, faise constar a continuación a estimación da minoración orzamentaria na partida do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Como consecuencia da redución das tarifas propostas nun 10%, que afecta aos seguintes tipos de vehículos, reducirase a previsión de ingresos na partida deste imposto para o exercicio 2019 e seguintes en 39.000 €, segundo o seguinte detalle:

|  |                     |
|--|---------------------|
| - Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc:  | - 2.981,52 €        |
| - Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc:  | - 5.419,48 €        |
| - Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc: | -21.899,78 €        |
| - Motocicletas de máis de 1000 cc:         | - 8.772,27 €        |
| <br>                                       |                     |
| - Total                                    | <b>-39.073,05 €</b> |

### **Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.**

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.



## Concello de Vigo

### Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

*Con carácter potestativo poderás solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

## **ACORDO**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

### **ARTIGO 6.- COTA**

*Modifícase o punto 1. F.*

1. O imposto esixírase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

| F. OUTROS VEHÍCULOS                        | COTA ANUAL |
|--|------------|
| F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.  | 9,10 €     |
| F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.  | 20,35 €    |
| F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc. | 40,65 €    |
| F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.      | 81,20 €    |

### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

2ª. Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**9(788).- PROPOSTA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL O UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO LOCAL 2019. EXPTE. 2491/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 16/07/17 e o informe de fiscalización do 13/07/17, dáse conta do informe-proposta do 10/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou ou Utilización privativa do Dominio Público local, que consta no presente expediente.

**Antecedentes**

A Ordenanza fiscal número 35 *reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil* resulta de aplicación a aquelas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil que son titulares de redes que ocupan dominio público local.

Os tribunais veñen refrendando de xeito reiterado a legalidade e validez desta ordenanza, que cumpre as esixencias derivadas do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) así como os límites que marca o dereito europeo: Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

Os grandes operadores de telefonía móbil que resultaban obrigados a tributar por aplicación da citada ordenanza nº 35, teñen transmitido as súas redes de telecomunicacións no municipio de Vigo a outras empresas do grupo que teñen por obxecto social principal o despregamento, desenvolvemento, implantación e xestión das redes e infraestruturas así como servizos de telecomunicacións por cable pero non servizos de telefonía móbil. As empresas adquirentes son agora as que desfrutan do dereito de ocupación do dominio publico local a que se refire o artigo 30 da lei 9/2014 e resultan obrigadas a tributar pola citada ocupación efectiva.

Coa citada operación de transmisión das redes e infraestruturas de comunicacións electrónicas a empresas que non prestan directamente os servizos de telefonía móbil, decae a condición de suxeito pasivo conforme a ordenanza nº 35 dos operadores de telefonía móbil, en tanto que non son titulares das redes e infraestruturas que ocupan o dominio público local.

A aplicación dos principios constitucionais de “igualdade tributaria” e “xeneralidade” determina a suxeición á tributación das empresas titulares de redes e infraestruturas que ocupan dominio

publico local, non existindo xustificación ningunha para que a súa utilización privativa do dominio público local lles resultare gratuíta

**Proposta de tributación conforme á ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.**

*Segundo o artigo 20 do TRLRFL as entidades locais poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local...*

*Segundo o artigo 23 do citado texto refundido son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio publico local en beneficio particular...*

*Segundo o artigo 24 do mesmo texto o importe das taxas previstas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local fixarase... con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio publico.*

Da regulación europea non se desprende o contido concreto das taxas municipais sobre as ocupacións de dominio publico local que realizan os operadores de comunicacións electrónicas pero si se deducen uns límites ou principios que deben inspirar ou cumprir as citadas taxas: transparencia, obxectividade, proporcionalidade e non discriminación, así como garantir o *uso óptimo do recurso ocupado ou utilizado*.

A necesidade dunha taxa para garantir o uso óptimo do recurso dominio publico local explícase polo carácter escaso deste ben, que determina que a súa ocupación con conducións para redes de comunicacións electrónicas exclúe a utilización dese mesmo ben polos titulares doutras redes de servizos de interese xeral (auga, saneamento, gas, rede semaforica, alumeadado publico etc) ou con outro tipo de utilizacións (bocas de rego, bocas para extinción de incendios, sistemas de protección de trafico etc) o que obriga a racionalizar e optimizar esta ocupación mediante a esixencia dunha taxa.

As empresas que agora resultan titulares de redes deberán tributar conforme a ordenanza nº 30 Fiscal Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización privativa do Dominio Público Local, cuxo artigo primeiro delimita o feito imponible.

*“Constitúen feitos impositivos destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:*

*a. Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou suministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.*

.....

*i. Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.*





## Concello de Vigo

*j. Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.”*

A ocupación efectiva por redes de telecomunicacións está incluída no feito impositivo desta ordenanza, segundo o regulado no artigo 1 apartados a) e i). No artigo 4 apartado 4, epígrafe l) figuran unha serie de tarifas para ocupacións no subsolo con “conducións de fibra óptica e ...calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo no dominio público local”, “entubados e galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica e calquera outro servizo, e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local”.

Sen embargo, estímase oportuno establecer unha cuantificación do gravame específica e diferenciada das que figuran no epígrafe l. para as “redes de telecomunicacións” aplicándolles un coeficiente reductor por razón do “interese xeral” a que se refire o artigo 2 da Lei 9/2004 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións.

Así, conforme ao estudo técnico-económico que acompaña este expediente destinado a obter o “valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local” procedemos a fixar as tarifas que se inclúen no epígrafe l.4 do artigo 4.4 da ordenanza.

Para establecer unha taxa non discriminatoria, xustificada obxectivamente e proporcional á ocupación efectiva, partimos dos prezos medios obtidos no mercado de alugueres, que constan na páxina 4 do Informe técnico-económico:

|  |                |                |                |                |                |                |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:                       | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Prezos aluguer m <sup>2</sup> por ano: | 93,20€         | 71,39€         | 70,31€         | 56,92€         | 52,49€         | 45,36€         |

Coa finalidade de determinar tarifas obxectivas e proporcionais á utilización do dominio público, compre ter en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores.

A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumeadado público, telecomunicacións,...) caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias que unha instalación provoca nas demais.

A interferencia de usos no subsolo urbanoponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio público para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade —que é onde resulta mais imperiosa a súa necesidade— normalmente comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, ven sendo sufragado pola propia Entidade Local.

Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á condución soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfieren o uso común xeral deste ben de dominio público local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa específica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na “ordenanza reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía pública” do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002”. Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm<sup>2</sup> (0,75 m<sup>2</sup>) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

Como contrapunto, compre poñer de manifesto que as ocupacións que pretendemos gravar, que se sitúan no subsolo, carecen das características construtivas de “local” que constan de construción e solo. É unha realidade que nas rúas máis céntricas o custe de construción é inferior a metade do valor do local pero nas periféricas sucede ao revés, o valor da construción supera ao valor do solo. Por este motivo realizase unha corrección promedio á metade dos prezos obtidos no estudo de mercado.

Segundo o exposto no anterior apartado 5, as tarifas serían as seguintes:

|                                       |                |                |                |                |                |                |
|---------------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:                      | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Prezo m <sup>2</sup> subsolo por ano: | 46,60€         | 35,70€         | 35,16€         | 28,46€         | 26,25€         | 22,68€         |

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m<sup>2</sup> por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de condución soterrada:

|                        |                |                |                |                |                |                |
|------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:       | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Tarifa m lonx por ano: | 34,95€         | 26,78€         | 26,37€         | 21,35€         | 19,69€         | 17,01€         |

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: “o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m<sup>2</sup> de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público” sería:

|                        |                |                |                |                |                |                |
|------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:       | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Tarifa m lonx por ano: | 34,95€         | 26,78€         | 26,37€         | 21,35€         | 19,69€         | 17,01€         |

Ponderando a consideración de “interese xeral” que establece a Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

|                                 |                |                |                |                |                |                |
|---------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:                | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Corrector por “interese xeral”: | 0,5            | 0,4            | 0,3            | 0,01           | 0,01           | 0,01           |

Como pode apreciarse, aplicase un coeficiente corrector de 0,01 para emprazamentos situados en 4<sup>a</sup>, 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup> categoría fiscal que converten a tarifa a aplicar neste ámbito territorial, en simbólica. Explícase este proceder para que a taxa no disuada aos operadores de telecomunicacións da extensión das súas redes en zonas da cidade nas que o dominio público local resulta menos escaso.



## Concello de Vigo

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo público local mediante conducións destinadas a redes e outras infraestruturas de telecomunicacións, sería a seguinte:

|  |                |                |                |                |                |                |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:                             | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción. | 17,47€         | 10,71€         | 7,91€          | 0,21€          | 0,20€          | 0,17€          |

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4<sup>a</sup>, 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup> establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

| % de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4 <sup>a</sup> , 5 <sup>a</sup> e 6 <sup>a</sup> respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio. | % de redución da cota |
|--|-----------------------|
| Do 35% ao 39,99%   | 5%                    |
| Do 40% ao 44,99%   | 10%                   |
| Do 45% ao 49,99%   | 20%                   |
| Do 50% ao 55,00%   | 30%                   |
| máis do 55%  | 40%                   |

Informe sobre repercusión orzamentaria.

Informase que a previsión de ingresos adicionais nas partidas 33300 e 33309 relativas as taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local con conducións para redes de telecomunicacións ascenderá para o exercicio 2019 e seguintes a 610.000€:

| Categoría fiscal | Lonxitude da condución | Importe taxa |
|------------------|------------------------|--------------|
| 1 <sup>a</sup>   | 50.000 m.              | 762.000 €    |
| 2 <sup>a</sup>   | 93.000 m.              | 822.000 €    |
| 3 <sup>a</sup>   | 28.000 m.              | 189.000 €    |
| 4 <sup>a</sup>   | 34.000 m.              | 6.000 €      |
| 5 <sup>a</sup>   | 64.000 m.              | 10.000 €     |
| 6 <sup>a</sup>   | 24.000 m.              | 4.000 €      |
| Total            |                        | 1.793.000 €  |

Do calculo anterior debemos restar 800.000€ que xa constan como previsión orzamentaria no exercicio 2018 así como 384.000€ que veñen sendo autoliquidados polos operadores segundo o procedemento previsto no artigo 4.5 da ordenanza ( $1.793.000 - 800.000 - 384.000 = 609.000€$ ).

Informe sobre o impacto de xénero.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta só a contribuíntes que son persoas xurídicas. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Innecesariedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*



## Concello de Vigo

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

1º) Aprobar a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL”.**

**ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.**

*Engádese un parágrafo no apartado 3.2., quedando redactado como segue:*

2. Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta Ordenanza necesarios para realizar obras na denominada Área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos Plans Especiais de Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello.

Igualmente, estarán exentas de pagamento, nos mesmos ámbitos territoriais as taxas por aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos.

**ARTIGO 4.- COTAS.**

*Introdúcese no artigo 4. 4 Tarifas o seguinte epígrafe.*

I.4. Por ocupación do subsolo con entubados para redes de telecomunicacións e outras infraestruturas para estes servizos:

|  |                |                |                |                |                |                |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Categorías rúas:                             | 1 <sup>a</sup> | 2 <sup>a</sup> | 3 <sup>a</sup> | 4 <sup>a</sup> | 5 <sup>a</sup> | 6 <sup>a</sup> |
| Tarifa m lonx ou fracción e ano ou fracción. | 17,47€         | 10,71€         | 7,91€          | 0,21€          | 0,20€          | 0,17€          |

Coa finalidade de ponderar positivamente o despregamento de redes nas zonas menos poboadas que corresponden as categorías fiscais de 4ª, 5ª e 6ª establécense, para cada suxeito pasivo unha serie de reducións, sobre a cota tributaria resultante da tarifa anterior, conforme a seguinte táboa:

| % de lonxitude de rede despregada en emprazamentos de categorías 4ª, 5ª e 6ª respecto da total lonxitude da rede despregada no municipio. | % de redución da cota |
|---|-----------------------|
| Do 35% ao 39,99%  | 5%                    |
| Do 40% ao 44,99%  | 10%                   |
| Do 45% ao 49,99%  | 20%                   |
| Do 50% ao 55,00%  | 30%                   |
| máis do 55%   | 40%                   |

**2º)** Someter a Ditame do TEA do Concello.

**3º)** Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

**4º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

**5º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(789).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 17499/332.**

Visto o informe de fiscalización do 11/07/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Wenceslao Cabezas del Toro o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (EMD) (expte 17499-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/03/2016 e a oferta presentada.



## Concello de Vigo

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

En data 13 de xuño de 2018, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 180091520), don Wenceslao Cabezas del Toro manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prorroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de danza (EMD) por parte de Wenceslao Cabezas del Toro, actual adxudicatario, estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

### **II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

### **III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prorroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- O adxudicatario "Wenceslao Cabezas del Toro" manifesta (doc 180091520) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prorroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

#### **IV. COMPETENCIA:**

A adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, así como, atendendo a regulación establecida na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Municipal de Danza (EMD) (expte 17499-332) para o período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 133.316,04 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2018 (02/09/2018-31/12/2018):

48.478,56 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola municipal de danza), e bolsa de vinculación.

Ano 2019 (01/01/2019-01/09/2019):

84.837,48 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola municipal de danza), e bolsa de vinculación.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(790).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD). EXPTE. 17498/332.**

Visto o informe de fiscalización do 11/07/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Galega de Recursos Educativos Avanzados S.L. (GREDA SL), o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (expte 17498-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/04/2016 e a oferta presentada..





## Concello de Vigo

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de dous anos e establecece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

En data 11 de xuño de 2018, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral o día 12 de xuño de 2018 (nº rexistro 180091018), don Xaquín Xesteira Losada, como representante de entidade GREDA SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prorroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Greda SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

### **II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

### **III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prorroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria “GREDA SL” manifesta (doc 180091018) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prorroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

#### **IV. COMPETENCIA:**

A adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, así como, atendendo a regulación establecida na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) (expte 17498-332) para o período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 217.330,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2018 (02/09/2018-31/12/2018):

79.029,08 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola municipal de música folk e tradicional), e bolsa de vinculación.

Ano 2019 (01/01/2019-01/09/2019):

138.300,92 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.18 (Escola municipal de música folk e tradicional), e bolsa de vinculación.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(791).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 17497/332.**

Visto o informe de fiscalización do 11/07/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 12 de agosto de 2016, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a ESMUVIGO SCG o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola municipal de música de Vigo -EMMV- (expte 17497-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/03/2016 e a oferta presentada.



## Concello de Vigo

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de dous anos e establecece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

En data 11 de xuño de 2018, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral (nº rexistro 180089878), don Augusto Rodríguez Cagiao, como representante de entidade ESMUVIGO, Sociedade Cooperativa Galega manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prorroga do contrato por unha anualidade.

A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de música de Vigo (EMMV) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Esmuvigo SCG) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

### **II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

### **III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP).
- A prorroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP, así como no artigo 29.2 da LCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de dous anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria "ESMUVIGO SCG" manifesta (doc 180089878) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.

- A prorroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

#### **IV. COMPETENCIA:**

A adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, así como, atendendo a regulación establecida na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prorroga do contrato para a xestión da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV) (expte 17497-332) para o período comprendido entre o 02/09/2018 e o 01/09/2019, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prorroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 394.440,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2018 (02/09/2018-31/12/2018):

143.432,72 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.02 (Escola municipal de música), e bolsa de vinculación.

Ano 2019 (01/01/2019-01/09/2019):

251.007,28 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.02 (Escola municipal de música), e bolsa de vinculación.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(792).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DOCENTES DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA NO ANO 2018. EXPTE.22611/332**

Visto o informe-proposta do 09/07/18, asinado pola xefa do servizo de Educación e pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

No D.O.G de 22 de xuño de 2018 publícase a ORDE do 7 de xuño de 2018 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo é titular da Escola Municipal de Música.

Examinada a referida Orde de 7 de xuño de 2018 permite a este concello optar as axudas reguladas na mesma para o funcionamento da Escola Municipal de Música e destinada ao desenvolvemento das actividades docentes dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2018.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Vigo por importe de 20.000 €.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(793).- CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV) CORRESPONDENTES AO ANO 2018. EXP-TE. 19902/332**

Visto o informe proposta do 16/07/18, asinado polo técnico medio de actividades culturais e pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

DAR CONTA DA INCLUSIÓN DE DÚAS (2) RENUNCIAS DE BOLSEIROS/AS DE INGLÉS , QUE IMPLICA A INCORPORACIÓN DE 2 BENEFICIARIOS/AS DA LISTA DE AGARDA, 1 DE ITALIANO E 1 DE XAPONÉS, CORRESPONDENTE ÁS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV) , CORRESPONDENTES AO ANO 2018.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 08 de Febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo: "Adxudicación e denegación das Bolsas "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2018. (Expte 19902/332)".

A base décimo segunda da devandita convocatoria no seu apartado de "aceptación da axuda", recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez días, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Requerida a documentación citada na base décimo segunda, de todos e cada un dos 92 beneficiarios/as propostos das bolsas "Concello de Vigo", resulta que entre os que aceptan expresamente a bolsa municipal coa presentación positiva do anexo III, figuran a bolseira de

inglés Pastora Carpintero Fernández (expte IN-056 e con DNI \*\*.\*\*\*.677T) e o bolseiro de inglés José Carlos Vázquez Corbacho (expte IN-058 e con DNI \*\*.\*\*\*.299R), polo que a documentación de ámbolos dous tamén pasa a incorporarse aos respectivos expedientes como beneficiarios/as destas bolsas municipais, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

A data de hoxe, concurren as circunstancias de que, a bolseira de inglés Pastora Carpintero Fernández (expte IN-056 e con DNI \*\*.\*\*\*.677T e cunha puntuación asignada de 9,25 puntos) ten presentado a través do rexistro xeral co nº de doc. 180104775 e data de entrada 04/07/18 a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por razóns de índole persoal; e igualmente o o bolseiro de inglés José Carlos Vázquez Corbacho (expte IN-058 e con DNI \*\*.\*\*\*.299R e cunha puntuación asignada de 7,25 puntos) ten presentado a través do rexistro xeral co nº de doc. 180106802 e data de entrada 06/07/18 a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa por motivos de índole laboral.

Verificadas e acreditadas documentalmente as dúas casuísticas particulares anteriormente expostas, achegando o anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida e as 2 aceptacións de bolsa achegando a aceptación expresa de praza segundo o modelo do anexo III, e incorporando toda esta documentación requerida aos respectivos expedientes que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación como órgano xestor da referida iniciativa municipal; resultan as seguintes modificacións recollidas a continuación as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

- A bolseira directa de lingua inglesa, Pastora Carpintero Fernández (expte IN-056 e con DNI \*\*.\*\*\*.677T e cunha puntuación asignada de 9,25 puntos) ten presentado a través do rexistro xeral co nº de doc. 180104775 e data de entrada 04/07/18 a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de inglés, achegando a documentación acreditativa para elo (anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida) e en consecuencia esta renuncia voluntaria pasa a ser cuberta e ocupada pola 8ª integrante da lista de agarda do idioma italiano (Roma), María Carmen Nañez González (expte. IT-024) co DNI \*\*.\*\*\*.269M cunha puntuación total asignada de 8,50 puntos.
- O bolseiro directo de lingua inglesa, José Carlos Vázquez Corbacho (expte IN-058 e con DNI \*\*.\*\*\*.299R e cunha puntuación asignada de 7,25 puntos) ten presentado a través do rexistro xeral co nº de doc. 180106802 e data de entrada 06/07/18 a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de inglés, achegando a documentación acreditativa para elo (anexo III con renuncia expresa á bolsa municipal concedida) e en consecuencia esta renuncia voluntaria pasa a ser cuberta e ocupada pola 2ª integrante da lista de agarda do idioma xaponés (Tokio), Patricia Vila Román (expte XA-007 co DNI \*\*.\*\*\*.738G cunha puntuación total asignada de 8,00 puntos.

**OS DOUS BOLSEIROS PROPOSTOS PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA VOLUNTARIA, SON AS SEGUINTEs:**

| EXPTE  | APELIDOS ALUMNO/A    | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS |
|--------|----------------------|---------------|--------------|--------|
| IN-056 | Carpintero Fernández | Pastora       | **.***.677T  | 9,25   |
| IN-058 | Vázquez Corbacho     | José Carlos   | **.***.299R  | 7,25   |



## Concello de Vigo

Continuando o proceso, e segundo recolle a base novena “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación. En consecuencia :

### A INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA PARA O IDIOMA DE TALIANO (ROMA) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRA DIRECTA, É A SEGUINTE:

| EXPT E | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS | ORDE |
|--------|-------------------|---------------|--------------|--------|------|
| IT-024 | Nañez González    | María Carmen  | **.*.*.269M  | 8,50   | 8º   |

### A INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA PARA O IDIOMA DE XAPONÉS QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRA DIRECTA, É A SEGUINTE:

| EXPT E | APELIDOS ALUMNO/A | NOME ALUMNO/A | NIF ALUMNO/A | PUNTOS | ORDE |
|--------|-------------------|---------------|--------------|--------|------|
| XA-007 | Vila Román        | Patricia      | **.*.*.738G  | 8,00   | 2º   |

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das dúas renuncias voluntarias e das dúas altas que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2018, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2018, da beneficiaria de Inglés, Pastora Carpintero Fernández co DNI \*\*.\*.\*.677T, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201800016632 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2018” para estancia lingüística no estranxeiro (Londres), outorgada a favor de Pastora Carpintero Fernández.
2. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado EOIV ano 2018, do beneficiario de Inglés, José Carlos Vázquez Corbacho co DNI \*\*.\*.\*.299R, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable D 201800016705 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal “Concello de Vigo 2018” para estancia lingüística no estranxeiro (Londres), outorgada a favor de José Carlos Vázquez Corbacho.
3. Aprobar a incorporación de María Carmen Nañez González co DNI \*\*.\*.\*.269M , como beneficiaria da bolsa municipal de italiano (estancia lingüística Roma) Concello de Vigo para alumnado da EOIV 2018 por importe de 1.700.-€, que acepta a praza como 8º integrante da lista de agarda do idioma de italiano.
4. Aprobar a incorporación de Patricia Vila Román co DNI \*\*.\*.\*.738G como beneficiario da bolsa municipal de xaponés Concello de Vigo para alumnado da EOIV 2018 por importe

de 1.700.-€, que acepta a praza como 2º integrante da lista de agarda do idioma de xaponés.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

### **15(794).- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DO COMITÉ TÉCNICO DE TRABALLO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 32/441**

Dase conta da resolución do concelleiro-delegado da Área Fomento, Limpeza e Contratación do 15/03/18, que di o seguinte:

**1º.-** O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada “AQUALIA-FCC VIGO”, a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo. O contrato, formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, fixa, na súa cláusula décima —oitava no prego de cláusulas económico administrativas do contrato—, como prazo de duración do mesmo o de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tácitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de claquera das súas prorrogas.

**2º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.11.2011 acordou:

Declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexeu o concurso para a adxudicación da concesión ( Pleno 5/7/1990 ) e ao tenor do preceptuado na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ( Lei 7/1985 ).

**3º.-** A prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas finaliza o 01.01.2021.

**4º.-** O prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión de que tratamos, na súa cláusula 26.a.3, prevé o inicio do período de transición, en garantía da debida reversión ao Concello das instalacións, bens e material integrante do servizo, a partir dos tres últimos anos do contrato.

**5º.-** Con data 2 de agosto de 2010 se subscribiu o Convenio para a construción das infraestruturas hidráulicas da actuación “Saneamento de Vigo” entre a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora, Aguas de las Cuencas de España, S.A.), a Xunta de





## Concello de Vigo

Galicia, o Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora, Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia) e o Concello de Vigo; que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 30 de xullo de 2010.

En base a este convenio a Aguas de las Cuencas de España, S.A. adxudicou a UTE EDAR Lagares Vigo a execución das actuacións necesarias para a entrega da infraestrutura hidráulica definida no Proxecto construtivo “ampliación e modernización da Edar do Lagares” en condicións técnicas adecuadas para proceder a súa explotación, incluíndo a posta en marcha das infraestruturas durante un período de 12 meses, no que nos atopamos na actualidade.

**6º.-** Debido á complexidade e volume das tarefas a realizar considérase necesaria a constitución dun comité técnico de traballo de carácter multidisciplinar coa finalidade de propor as actuacións concretas necesarias no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

**7º.-** En base ao exposto e no exercicio das competencias atribuídas por delegación á Concelle-ría de Fomento no exercicio das competencias atribuídas por delegación por Resolución de Al-caldía do 19 de xuño de 2015, e posterioreS modificacións, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016 PROPONSE ao 2º T.Alcalde e Concelleiro Delegados da Área de Fomento:

Primeiro.- Constituir un Comité Técnico de traballo no ámbito do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo no que se integrarán:

- O Enxeñeiro/ Xefe de Vías e Obras, D. Jerónimo Centrón Castaños
- O Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos municipal, D. Xacobe Paz Salgado
- A Enxeñeiro Industrial Municipal.- Begoña Arranz González
- O Xefe da Área de Inversións.- José Ángel Otero Lamas
- O Xefe de Asesoramento Xurídico de Servizos Xerais.- Francisco J. González Yebra-Pimentel
- O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra
- A Técnica de Xestión.- Inés González Martínez
- O Inspector de Tributos (rex. auga).- Rudesindo Antañón Sobrado

Os mesmos serán asistidos no seu labor, cando sexa necesario, pola Asesoría Xurídica Muni-cipal, Intervención Xeral e pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

Segundo.- Dar traslado do *presente* acordo aos seus membros e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **16(795).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA-AVDA. DE MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 18/441.**

Visto o informe de fiscalización do 12/07/18, dáse conta do informe-proposta do 06/07/18, asinado pola secretaria da mesa de contratación, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) na seguinte orde descendente:*

|   | <i>Licitadores</i>               | <i>Puntuación</i> |
|---|----------------------------------|-------------------|
| 1 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A. | 95,24             |
| 2 | CIVISGLOBAL S.L.U.               | 94,04             |
| 3 | HIDROMIÑO S L                    | 94,01             |
| 4 | ORECO S.A.                       | 93,20             |
| 5 | CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.     | 92,46             |



## Concello de Vigo

|    | Licitadores   | Puntuación |
|----|---|------------|
| 6  | UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.   | 92,13      |
| 7  | MISTURAS, S.A.  | 91,93      |
| 8  | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.  | 91,43      |
| 9  | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU  | 91,02      |
| 10 | SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA   | 90,92      |
| 11 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.  | 90,61      |
| 12 | XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL   | 90,60      |
| 13 | ORESA SL  | 88,77      |
| 14 | PROYECON GALICIA, S.A.  | 88,65      |
| 15 | ACCIONA CONSTRUCCION SA   | 88,07      |
| 16 | UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S LU- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 87,66      |
| 17 | COPCISA, S.A.   | 87,52      |
| 18 | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL  | 87,23      |
| 19 | NAROM SL  | 87,10      |
| 20 | CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.   | 87,05      |
| 21 | DRAGADOS, S.A.  | 80,73      |
| 22 | DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.  | 80,60      |
| 23 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L.   | 75,62      |
| 24 | CALDEVERGAZO SL   | 70,97      |

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Terceiro.-* Requirir ao citado licitador o aboamento de 897,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., o día 19 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 20 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de maio de 2018 e 5 de xuño de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 2.033.599,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 352.938,70 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

## **17(796).- PROPOSTA DE CESIÓN DE TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO – AGARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO-330), LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIAN E O Nº77 DA ESTRADA DE PORTO. EXPTE. 3560/443**

Visto o informe proposta do 13/07/18, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control orzamentario e polo xefe do servizo de xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, que di o seguinte:

### **I.- Antecedentes**



## Concello de Vigo

**1º.-** A estrada de Porto, identificada como EP-2001 Calvario-A Garrida, é unha estrada de titularidade provincial, que no tramo comprendido entre a edificación sinalada co número 77 da mesma e o regato de Quintián, na parroquia de Beade, pasou á titularidade do Concello de Vigo por Decreto 22/2017, de 16 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia.

A dita estrada, no devandito tramo, ten un ancho variable duns 7 metros aproximadamente, carece dunha zona para o tránsito peonil e presenta un trazado sinuoso, o que representa un perigo para os peóns que transitan pola mesma, habida conta de que na actualidade o dito tramo está a funcionar na práctica como vía urbana.

Á vista das devanditas circunstancias, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o 30 de decembro de 2016 un convenio de colaboración para acometer a ampliación da sección desta estrada e dotala de beirarrúas, así como de servizos urbanos soterrados, co fin de que a dita vía, no indicado tramo, dado o seu funcionamento como rúa urbana, adquira as características propias das vías urbanas e pase á titularidade municipal, o que, segundo vai dito, tivo lugar por Decreto 22/2017, de 16 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia.

Co dito obxecto, o Concello de Vigo, o 7 de setembro de 2017, adxudicou á mercantil Ingeniería Proxectos Técnicos, S.L. o contrato de servizos para a redacción do proxecto de obras de humanización desta estrada de Porto no tramo indicado.

Redactado e presentado no Concello de Vigo pola citada sociedade o proxecto de obras contratado, denominado proxecto de obras de “Humanización da estrada provincial EP-2001 Calvario-A Garrida (PO 330), Lugar de Porto”, o concelleiro delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, con data 23 de abril de 2018, dispuxo a iniciación do expediente para a súa aprobación.

**2º.-** Pola súa parte, a Asociación de Veciños de Beade, unha vez coñecida a sinatura do convenio arriba referido entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a ampliación da estrada de Porto no indicado tramo, ofreceu á Administración municipal a súa colaboración para xestionar cos veciños da parroquia, propietarios dos terreos afectados pola ampliación da vía, a obtención gratuíta destes terreos; e os veciños que a continuación se relacionan, dado o beneficio que a execución da obra reporta á parroquia de Beade, ofreceron a cesión gratuíta dos terreos afectados pola execución da obra, coas condicións e cargas que seguen:

— O terreo cedido será destinado ao uso público como parte da obra de humanización da estrada provincial EP-2001 Calvario- A Garrida, no que respecta a este tramo.

— O Concello de Vigo asumirá a responsabilidade de execución o seu cargo de todas as obras que precise acometer no terreo que se cede. Nesta actuación incluíranse o acondicionamento necesario para o peche da parcela no fronte colindante coa nova rúa.

— Para as parcelas emprazadas en solo clasificado como non urbanizable ou urbanizable non programado, no caso de que estes se cheguen a clasificar como urbanizables, a superficie cedida se incluírá no polígono que se delimite para a execución do plan parcial que ordene o ámbito no que se empraza a parcela matriz, polo que a superficie cedida xerará a edificabilidade que lle recoñeza o dito Plan Parcial.

— Canto a edificabilidade dos terreos cedidos gratuitamente situados nos ámbitos clasificados como de núcleo rural estarse as determinacións dos plans especial aprobados ou que se aproben para os terreos de cesión para viais que resulten aplicables de conformidade coa lexislación urbanística que resulte de aplicación.

— A partir do momento no que se produza a cesión dos terreos ao Concello de Vigo, os gastos e tributos derivados da cesión, así como da súa formalización, serán por conta e cargo do Concello de Vigo.

**3º.-** A relación de veciños que ofreceu a cesión gratuíta dos seus terreos afectados pola ampliación do vial de que tratamos é a que segue:

| Nº    | REF. CATASTRAL        | SUP. Cat.m2 | SUP. Cesiónm2 | PROPIETARIOS                | N.I.F.    |
|-------|-----------------------|-------------|---------------|-----------------------------|-----------|
| 24 B  | 54057A17200502parci.  | 201         | 48            | Abalde Abalde, Purificación | 35985939R |
| 20    | 54057A17200436        | 973         | 9             | Abalde Bastos, Juana        | 35979351Z |
| 12    | 54057A17000302        | 418         | 6             | Abalde Fernández, Carmen    | 35933812S |
| 108   | 4802419NG2740S        | 40          | 17            | Abalde Fernández, Carmen    | 35933812S |
| 27    | 54057A17300131        | 782         | 109           | Abalde Vila, Esperanza      | 35953971A |
| 89 B  | 54057A17300224 parci. |             | 222           | Abalde Vila, Esperanza      | 35953971A |
| 61A   | 54057A20000809        |             |               | Alonso Comesaña, Fernando   | 36061692S |
| 63 D  | 54057A19900009        |             |               | Alonso Comesaña, Fernando   | 36061692S |
| 6     | 54057A17000035        | 585         | 25            | Alonso Correa, Fernando     | 35989823K |
| 112 B | 4802423NG2740S        |             |               | Alonso Correa, Jose F       | 35989823K |
| 17    | 54057A17200430        | 420         | 28            | Alonso Costas, Fernando     | 36025933K |
| 103   | 54057A17200484        | 316         | 97            | Alonso Costas, José Luis    | 36077039R |
| 104   | 54057A17200425        | 552         | 99            | Alonso Costas, José Luis    | 36077039R |



## Concello de Vigo

| Nº    | REF. CATASTRAL        | SUP. Ca-t.m2 | SUP. Ce-siónm2 | PROPIETARIOS                              | N.I.F.    |
|-------|-----------------------|--------------|----------------|---|-----------|
| 111   | 4802422NG2740S        | 684          | 68             | Alonso Costas, José Luis                  | 36077039K |
| 61B   | 54057A20000809        |              |                | Alonso Davila, Fernando                   | 35952430A |
| 63C   | 54057A19900009        |              |                | Alonso Davila, Fernando                   | 35952430A |
| 63E   | 54057A19900009        |              |                | Alonso Davila, Fernando                   | 35952430A |
| 13    | 54057A17000305        | 772          | 10             | Alonso Fernández, Rubén Enrique           | 36128917B |
| 107   | 4802418NG2740S        | 87           | 33             | Alonso Fernández, Rubén Enrique           | 36128917B |
| 48 B  | 54057A20000144        |              |                | Alonso Perez, Ángela                      | 36000152T |
| 33    | 54057A17300142        | 132          | 101            | Alonso Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen   | 35984160Q |
| 57    | 54057A20000622        | 388          | 44             | Baña Oujo, José Luis                      | 35938427F |
| 55    | 54057A20000620        | 410          | 4              | Barros Alonso, Carmen                     | 35938833E |
| 68    | 54057A17300020        | 400          | 12             | Barros Vila, José                         | 35979401H |
| 75    | 54057A17300036        | 185          | 43             | Bastos Davila, Carmen                     | 35944545F |
| 35    | 54057A17300144        | 410          | 139            | Bastos Davila, Margarita                  | 36007593N |
| 70    | 54057A17300022        | 644          | 69             | Bastos Davila, Margarita                  | 36007593N |
| 5     | 54057A17000036        | 643          | 20             | Benavides Comesaña, Inés                  | 35933370H |
| 112 C | 4802423NG2740S        | 66           | 38             | Benavides Comesaña, Inés                  | 35933370H |
| 84 A  | 54057A17300244 parci. | 396          | 59             | Benavides Vila, Margarita                 | 35917324H |
| 96 A  | 54057A17200452        | 487          | 70             | Caldas Vázquez, Paz                       | 35815828K |
| 98    | 54057A17200450        | 356          | 57             | Caldas Vázquez, Paz                       | 35815828K |
| 102   | 54057A17200429        | 303          | 134            | Comesaña Abalde, Antonio                  | 35990293P |
| 78 G  | 54057A17300016        |              | 32,5           | Comesaña Abalde, Francisco                | 36022213G |
| 64 F  | 54057A19900003        |              |                | Comesaña Riveiro, Oliva                   | 35957625T |
| 64 B  | 54057A19900003        | 18666        | 247            | Comesaña Riveiro, Olivia                  | 35957625T |
| 58    | 54057A20000802        |              |                | Correa Freiría, M <sup>a</sup> del Carmen | 35983805Y |
| 69    | 54057A17300021        |              |                | Correa Freiría, M <sup>a</sup> del Carmen | 35983805Y |

| Nº | REF. CATASTRAL | SUP. Ca-t.m2 | SUP. Ce-siónm2 | PROPIETARIOS                              | N.I.F.    |
|----|----------------|--------------|----------------|---|-----------|
| 73 | 54057A17300032 | 107          | 99             | Correa Freiría, M <sup>a</sup> del Carmen | 35983805Y |
| 95 | 54057A17200453 | 344          | 64             | Correa Vila, M <sup>a</sup> del Carmen    | 35976302R |

| Nº   | REF. CATASTRAL         | SUP. Ca-<br>t.m2 | SUP. Ce-<br>siónm2 | PROPIETARIOS                         | N.I.F.    |
|------|------------------------|------------------|--------------------|--------------------------------------|-----------|
| 64 D | 54057A19900003         |                  |                    | Correa Vila, Mª del Carmen           | 35976302R |
| 117  | 4704209NG2740S         | 235              | 49                 | Correa Vila, Mercedes                | 35961232L |
| 100  | 54057A17200438         | 707              | 12                 | Costas Alonso, Jesús                 | 35846706X |
| 82 A | 54057A17300246         | 677              | 39                 | Costas Alonso, Jesús                 | 35846706X |
| 18   | 54057A17200433         | 779              | 12                 | Costas Alonso, José Anto-<br>nio     | 36140038T |
| 19   | 54057A17200437         | 192              | 25                 | Costas Alonso, José Anto-<br>nio     | 36140038T |
| 15   | 54057A17200423         | 339              | 1                  | Costas Correa, Jacinto               | 36050703C |
| 82 B | 54057A17300246         | 677              | 37,5               | Costas Fernández, José<br>Luis       | 35974911J |
| 77   | 54057A17300039         | 372              | 71                 | Costas Figueroa, Olga                | 35942733N |
| 89 A | 54057A17300224 parci.  |                  | 116                | Costas Figueroa, Olga                | 35942733N |
| 78 A | 54057A17300016 parcial | 39055            | 32                 | Costas Freiría, Juan Carlos          | 36110529T |
| 51   | 54057A20000597         | 537              | 18                 | Costas Otero, Ángel                  | 53176816B |
| 64 E | 54057A19900003         |                  |                    | Covelo Abalde, Amable                | 35997337Z |
| 83   | 54057A17300245         | 1089             | 84                 | Covelo Freiría, Mª Gloria            | 35978664V |
| 8    | 54057A17000168         | 474              | 20                 | Estévez Alonso, Carlos Ja-<br>vier   | 36064828T |
| 86   | 54057A17300265         | 1331             | 207                | Estévez Hermida, Francisco<br>Miguel | 36096022Y |
| 56   | 54057A20000621         | 258              | 43                 | Fernández Abalde, Pilar              | 36012668G |
| 66   | 54057A17300018         | 661              | 89                 | Fernández Abalde, Pilar              | 36012668G |
| 9    | 54057A17000169         | 480              | 14                 | Fernández Alonso, Josefa             | 35978539F |
| 10   | 54057A17000170         | 522              | 6                  | Fernández Alonso, Josefa             | 35978539F |
| 11   | 54057A17000301         | 365              | 4                  | Fernández Alonso, Josefa             | 35978539F |
| 109  | 4802420NG2740S         | 23               | 12                 | Fernández Alonso, Josefa             | 35978539F |
| 110  | 4802421NG2740S         | 47               | 33                 | Fernández Alonso, Josefa             | 35978539F |
| 99A  | 54057A17200439         |                  |                    | Fernández Rodríguez, Ma-<br>nuel     | 35989609Z |
| 24 A | 54057A17200502 parci.  | 201              | 63                 | Fernández Rodríguez, Mar-<br>garita  | 35983574M |
| 78D  | 54057A17300016         | 39055            | 128                | Fernández Rodríguez, Mar-<br>garita  | 35983574M |
| 78H  | 54057A17300016         |                  |                    | Fernández Rodríguez, Mar-<br>garita  | 35983574M |
| 32   | 54057A17300141         | 1004             | 66                 | Fernández Vila, Dina                 | 35996292G |
| 74   | 54057A17300035         | 196              | 96                 | Figueroa Comesaña, Belar-<br>mina    | 36032117H |
| 67   | 54057A17300019         | 1474             | 105                | Figueroa Davila, Fernando            | 36035222H |
| 29   | 54057A17300137         | 1110             | 79                 | Figueroa Piñeiro, Mª Luisa           | 35970526K |





## Concello de Vigo

| Nº    | REF. CATASTRAL                    | SUP. Ca-<br>t.m2 | SUP. Ce-<br>siónm2 | PROPIETARIOS                        | N.I.F.     |
|-------|-----------------------------------|------------------|--------------------|-------------------------------------|------------|
| 45    | 54057A20000140                    | 666              | 58                 | Figueroa Piñeiro, Mª Luisa          | 35970526K  |
| 46    | 54057A20001051                    | 638              | 254                | Figueroa Piñeiro, Mª Luisa          | 35970526K  |
| 85    | 54057A17300243                    | 534              | 85,5               | Figueroa Piñeiro, Mª Luisa          | 35970526K  |
| 90    | 54057A17300118                    |                  | 108,5              | Figueroa Piñeiro, Mª Luisa          | 35970526K  |
| 76    | 54057A17300038                    | 314              | 72                 | Figueroa Salgueiro, Sole-<br>dad    | 35944167C  |
| 118   | 4704201NG2740S                    | 425              | 40                 | García Varela, José                 | 36017308K  |
| 26 A  | 54057A17300119 parci.             | 310              | 37                 | Gómez Correa, Antonio               | 35967605K  |
| 92B   | 54057A17300093 parcial y<br>otras |                  | 74                 | Gómez Correa, Antonio               | 35967605K  |
| 4     | 54057A17000027                    | 294              | 294 (83)           | González Barros, Eduardo            | 35820656L  |
| 2     | 54057A17000025                    | 254              | 32                 | González Piñeiro, Hipólito          | 36015389B  |
| 22    | 54057A17200490                    | 470              | 3                  | González Piñeiro, Hipólito          | 36015389B  |
| 53    | 54057A20000616                    | 277              | 23                 | Guiadanes Abalde, Guiller-<br>mo    | 35981625B  |
| 64 C  | 54057A19900003                    |                  |                    | Lago Vila, Dolores                  | 35963410N  |
| 113 A | 4802424NG2740S                    | 805              | 226                | Leiros Vila, Elena                  | 36091371R  |
| 80    | 54057A17300041                    | 616              | 8                  | Leiros Vila, Isaura                 | 35978151X  |
| 81    | 54057A17300248                    | 828              | 160                | Leiros Vila, Isaura                 | 35978151X  |
| 62    | 54057A19900010                    | 483              | 68                 | Martínez Costas, Gonzalo            | 36004234B  |
| 61E   | 54057A20000809                    |                  |                    | Martínez Costas, Gonzalo            | 36004234B  |
| 97    | 54057A17200451                    | 482              | 60                 | Pequeño Vila, Nazario Igna-<br>cio  | 35983367M  |
| 61D   | 54057A20000809                    |                  |                    | Pérez Davila, Guillermo             | 35956721Q  |
| 63 A  | 54057A19900009                    | 1149             | 138                | Pérez Davila, Guillermo             | 35956721Q  |
| 84 B  | 54057A17300244                    | 396              |                    | Pérez Vila, Mª del Rosario          | 35930289B  |
| 7     | 54057A17000034                    | 806              | 25                 | Posada Fernández, José              | 35947230R  |
| 47    | 54057A20000143                    | 595              | 19                 | Posada Troncoso, José               | 35990342B  |
| 48 A  | 54057A20000144                    | 634              | 42                 | Posada Troncoso, José               | 35990342B  |
| 72    | 54057A17300031                    | 396              | 100                | Prado Salgueiro, Mª Jesús           | 36024519X  |
| 61C   | 54057A20000809                    |                  |                    | Rodríguez Abalde, Amelia            | 35978193Y  |
| 63 B  | 54057A19900009                    |                  |                    | Rodríguez Abalde, Amelia            | 35978193Y  |
| 114   | 4703302NG2740S                    | 523              | 52                 | Rodríguez Alonso, Emilia            | 35934184L  |
| 99B   | 54057A17200439                    | 959              | 48                 | Rodríguez Costas, Julio Ma-<br>nuel | 36086560C  |
| 60    | 54057A20000805                    | 656              | 96                 | Rodríguez Davila, Fernando          | 36050285Q  |
| 59    | 54057A20000804                    | 66               | 21                 | Rodríguez Fernández, Eula-<br>lia   | 35874692 M |

| Nº   | REF. CATASTRAL | SUP. Ca-<br>t.m2 | SUP. Ce-<br>siónm2 | PROPIETARIOS  | N.I.F.   |
|------|----------------|------------------|--------------------|---|--|
| 64A  | 54057A19900003 |                  |                    | Rodríguez Fernández, Eula-<br>lia / Vila Rodríguez, Purifica-<br>ción y Mª del Rosario  | 35874692M /<br>36034192T /<br>36037636V                |
| 78 C | 54057A17300016 |                  |                    | Rodríguez Posada, María   | 35963496Y  |
| 78 B | 54057A17300016 |                  |                    | Rodríguez Soalleiro, Mª<br>José   | 36108581F  |
| 71   | 54057A17300030 | 344              | 101                | Salgueiro Pérez, Carmen   | 35981340W  |
| 14   | 54057A17200422 | 375              | 3                  | Seijo Abaldo, José Benito   | 35949809G  |
| 49   | 54057A20000583 | 701              | 45                 | Vila Rodríguez, Purificación  | 36034192T  |
| 50   | 54057A20000584 | 2340             | 60                 | Vila Rodríguez, Purificación  | 36034192T  |
| 54   | 54057A20000617 | 204              | 10                 | Vila Rodríguez, Mercedes y<br>Amparo / Vila Lamas, Fran-<br>cisco Javier y Mª de la Paz | 35971202F /<br>35950078C /<br>36101772Y /<br>36155323J |
| 31   | 54057A17300140 | 378              | 12                 | Vila Santomé, Enrique   | 36081178C  |
| 40   | 54057A17300249 | 327              | 103                | Villar Estévez, Emilia  | 35836659Z  |
| 43   | 54057A17300252 | 406              | 23,5               | Villar Estévez, Emilia  | 35836659Z  |

4º.- Constan no expediente: (i) escritos asinados polos titulares de dereitos sobre os terreos afectados pola ampliación do vial, nos que ofrecen a súa cesión gratuíta ao Concello de Vigo para o dito fin, coas condicións e cargas arriba sinaladas, identificados pola súa referencia catastral; (ii) distinta documentación acreditativa dos dereitos transmitidos; e (iii) planos das porcións das parcelas catastrais afectados polas obras de ampliación.

### **I.- Fundamentos xurídicos**

**Primeiro.-** Os terreos cuxa cesión gratuíta se ofrece ao Concello de Vigo son terreos afectos a unha dotación pública, que cabe cualificar de sistema xeral, toda vez que se trata dun tramo que forma parte dunha vía de titularidade provincial e, daquela, de uso xeral, que une os barrios de O Calvario e A Garrida e non esta destinada predominantemente para o uso dun polígono ou sector concreto.

**Segundo.-** O artigo 129.1 da Lei 2/206, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que: «1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo».



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** O convenio de que se trata ten por obxecto obter os terreos necesarios para a execución da estrada de Porto coa anchura prevista no vixente PXOU de Vigo polo que ten a natureza de convenio para a execución do planeamento, tal e como resulta do artigo 167 LSG: «Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando a ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento».

**Cuarto.-** Canto ao procedemento a seguir para a formalización e perfección dos convenios de execución do planeamento, dispón o artigo 168 LSG que: «1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.

(...)

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto».

Ademais, o devandito artigo 129.2 LSG establece que «2. Tanto no suposto do convenio como no caso da permuta forzosa os técnicos municipais taxarán previamente o valor dos terreos que se van obter e o dos aproveitamentos ou solos municipais conforme os criterios de valoración establecidos na lexislación estatal aplicable».

Por outra parte, de acordo co artigo 32 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre Inscripción no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística, as cesións de terreos que resulten de convenios urbanísticos tipificados na lexislación sobre o chan, como son os de execución do planeamento non requiren a observancia dos requisitos formais esixidos para as doazóns de bens inmobles.

**Quinto.-** Como queira que os terreos afectados pola ampliación do vial son porcións de terreos que forman parte das fincas colindantes coa estrada a ampliar, é precisa a súa segre-

gación das respectivas parcelas matrices. O artigo 150.6 b) LSG establece a este respecto que toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, salvo que o concello declarase o seu innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de, entre outros, a execución de infraestruturas e dotacións públicas, como é o caso que nos ocupa.

**Sexto.-** Polo que se refire as condicións e cargas ás que os oferentes suxeitan a cesión, consignadas nos antecedentes de feito da presente proposta de acordo, cómpre informar que toda vez que as cesións se ofrecen para a execución dun proxecto municipal de obras de ampliación de vial, en execución do planeamento en vigor, con carácter gratuíto e sen que as cesións resulten neste momento obrigatorias para os cedentes, estímase que as mesmas son conformes ao ordenamento xurídico e ao interese público.

**Sétimo.-** É competente para a aprobación dos convenios de cesión a Xunta de Goberno Local (artigos 127.1.d. LRBRL y 3.6 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aceptar a vontade de cesión voluntaria e gratuíta por parte das persoas relacionadas no apartado terceiro da parte expositiva do presente acordo dos bens e dereitos sobre os inmobles que, igualmente, se relacionan no dito apartado e, daquela, iniciar os expedientes individualizados necesarios para a conclusión dos correspondentes convenios urbanísticos para a obtención gratuíta dos ditos terreos.

**Segundo.-** Declarar a innecesariedade de licenza de parcelación para proceder a segregación das porcións de parcelas afectadas pola execución do vial no tramo de referencia.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

#### **18(797).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA DA REDE MUNICIPAL IDENTIFICADA CO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 08616/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/07/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, e conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola asesora xurídica de Igualdade, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 12 de xullo de 2018 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. 54468459 C, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. 54468459 C e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 8616-224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

### **19(798).- PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á ENTIDADE MERCANTIL “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.”. EXPTE. 10606/446**

Visto o informe de fiscalización do 12/07/18, dáse conta do informe-proposta do 03/07/18, asinado pola técnica da Administración Xeral de Comercio, polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Área de Servizos Xerais, e conformado

polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 16 de novembro de 2017 acordou o seguinte:

“ *Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.*
- b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.*
- c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

2.- O devandito acordo se formalizou en data 23 de novembro de 2017.

3.- En data 11 de decembro de 2017, se levanta acta de comprobación do replanteo.

4.- Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 03/02/2018 (doc nº 180019261) , o director facultativo da obras presenta solicitude de modificación do proxecto de ampliación Parque Infantil da rúa Venezuela.

5.- En data 13/02/2018, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns notifica ao director facultativo o seguinte:

*“ En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro Electrónico do 03/02/2018 (W260778-87436), no que solicita modificación do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, deberá incorporar á súa solicitude a seguinte documentación:*

*a) Xustificación das causas do proxecto modificado, sinalando se se varían as unidades de obra ou se introducen novas unidades.*

*b) Descrición básica da obra a realizar.*

*c) Importe aproximado da modificación (non superior ao 10% do prezo primitivo do contrato).*

*d) Indicación de se a redacción do proxecto modificado conlevaría a suspensión temporal, total ou parcial das obras en curso. No caso de que a paralización fose parcial, deberá achegar a relación das partidas afectadas pola mesma coa súa medición actualizada.*

*e) Indicación do posible aumento do prazo de execución do proxecto modificado.*



## Concello de Vigo

*De non presentar a devandita documentación no prazo de **DEZ DÍAS**, sinalado no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, ao non cumprir a súa solicitude coa normativa vixente (artigos 66 e 67 da citada Lei 39/2015)."*

6.- Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 09/03/2018, o Director facultativo da obra presenta informe para xustificar o modificado do proxecto da ampliación do parque infantil da rúa Venezuela.

Asemade en data 23/03/2018 presenta copia do libro de ordes no que se anota a paralización parcial e temporal da devandita obra.

7.- En data 04/04/2018, o Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns remite o expediente ao Servizo de Contratación para que se continúe coa tramitación do procedemento de modificación do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela.

8.- En data 13/04/2018, a xefa do Servizo de Contratación devolve o expediente ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns toda vez que, o prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre o sinalado no artigo 103 do RD 1098/2001.

9.- En data 17/04/2018, o responsable do contrato notifica ao director das obras o seguinte:

*" En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo do 3 de febreiro de 2018 (W260778-8743 – Doc. 180019261), no que solicita modificado do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela comunícolle que:*

*A xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2018 informou que: " " (...) O prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre os requisitos legais previstos no artigo 103 do RD 1098/2001, e non foi acordada polo responsable do contrato."*

*Á vista do exposto, non é posible acceder ao solicitado toda vez que, o prazo de execución do contrato finalizou na data 12/02/2018.(...)"*

10.- En data 18/04/2018, o responsable do contrato e o xefe de Servizos Xerais informan que:

*"A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16 de novembro de 2017, acordou:*

*"Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.*

*b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.*

*c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

*En data 11 de decembro de 2017, asinouse a acta de comprobación de replanteo comezando a computar o prazo de execución das obras, o cal finalizaba en data 12 de febreiro de 2018.*

*Á data de hoxe as obras non están executadas polo que, á vista do incumprimento no prazo de execución das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, dáse traslado do presente expediente á técnica de administración xeral para que inicie os trámites oportunos para a incoación de procedemento para a imposición de penalidades á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.*

*Á vista do estado actual das obras, outorgáselle á empresa un prazo de 1 mes para a finalización destas.”*

11.- En data 20/04/2018, se remite dilixencia ao xefe do servizo de montes, parques e xardíns na que se solicita o seguinte:

*“ Aos efectos de valorar a tramitación que proceda, prégase informe do responsable do contrato en relación aos seguintes extremos:*

- Incorporación ao expediente de toda a documentación existente relativa á execución da obra.*
- Causas que motivaron a non terminación das obras en prazo.*
- Xustificación técnica do prazo dun MES necesario para rematar as obras.”*

12.- Con data 09/05/2018, o xefe do servizo e o xefe da Área de Servizos Xerais emiten informe relativo aos atrasos na execución das obras no que sinalan o seguinte:

*“ (...) As obras de Ampliación do Parque Infantil da rúa Venezuela, adxudicadas á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.” ten un prazo contractual de execución de 2 meses, polo que a obra debera finalizar o día 11 de febreiro do 2018.*

*Dende esta data ata o día de hoxe, tal e como se constatou nas inspeccións do Enxeñeiro Industrial Municipal D. Roberto Carlos González Fernández, a petición da xefatura do Servizo, producíronse atrasos na execución da obra debido ás seguintes circunstancias:*

*- Ampliación de afeccións: A área de impermeabilización prevista no proxecto abarcaba un área distinta e menor ca área da planta que ocupa actualmente o aparcamento soterrado de vehículos e locais comerciais existentes. As xardineiras de obra existentes e os laterais da praza quedaban fora da impermeabilización da área do Parque Infantil a remodelar.*

*Ao inicio da obra, e previo a demolición do pavimento, realizouse un estudio do estado dos locais inferiores co control de calidade, para determinar as filtracións existentes e os puntos de localización e se identifican estes preferentemente na zona coincidente con ditas xardineiras, polo que é necesario actuar sobre as mesmas, impermeabilizándoas, para corrixir estas filtracións. Isto fai que se amplíe o ámbito da impermeabilización.*

*- Climatoloxía. A climatoloxía adversa neste tipo de obras ten un condicionante moi determinante na execución da mesma. A execución da impermeabilización total da praza, incluíndo as xardineiras, non se pode executar con choiva ou con a superficie mollada, xa que non se poderían garantir os traballos executados.*





## Concello de Vigo

*Debido á climatoloxía adversa nos meses da execución da impermeabilización, sufríronse atrasos na execución da obra. Este atraso corresponde coa partida que afecta á impermeabilización e ao recredido con morteiro/formigón e que non se puideron realizar mentres non cesaba a persistencia das choivas.*

*Ademais, coincide con que a área do parque recolle e forma presa das augas da rúa adxacente e isto fai moi difícil secar a plataforma con medios artificiais (analizado en obra), ao estar constantemente recibindo auga.*

*Esta execución da capa impermeabilizante é unha execución crítica e condicionando das unidades de*

*execución posterior, xa que non se puideron realizar ningunha actuación ata que se concluíu coa impermeabilización.*

*A impermeabilización tratouse por fases e diferentes zonas da praza para poder verificar o estado da mesma e poder continuar os traballos por zonas e non esperar a unha finalización total da praza.*

*A continuación pódense ver os valores obtidos dos informes mensuais climatolóxicos obtidos de Meteogalicia, onde se pode observar os días de choiva que condicionou a execución da impermeabilización:*

| Estación      | Precipitación l/m2 |        |     | No días choiva |
|---------------|--------------------|--------|-----|----------------|
|               | Acumulado          | Máximo | Día |                |
| Vigo          |                    |        |     |                |
| Decembro 2017 | 182                | 65,6   | 10  | 14             |
| Xaneiro 2018  | 165                | 28,6   | 13  | 19             |
| Febreiro 2018 | 99                 | 37,8   | 28  | 14             |

*- Control de calidade. O control de execución na impermeabilización por parte do control de calidade*

*externado nunha empresa, non validaba a execución da impermeabilización ata poder verificar e diferenciar as filtracións existentes. Ditas filtracións podían ser debidas a fallos na impermeabilización da obra executada ou as posibles filtracións da zona adxacente.*

*Debido á pouca fiabilidade con tempo de choiva, se pospoñen as visitas e certificacións ata días secos, creando un atraso na execución desta actividade crítica.(...)*

*(...) A partir desa nova data xustificada cos atrasos, estaríamos establecidos en data 12 de marzo do 2018. A partir desa data os atrasos xerados na obra non serían motivados e serían imputables integramente á xestión da execución por parte do contratista.*

*A día do informe expóñense unha reportaxe fotográfica para poder indicar os traballos que faltarían por executar.(...).*

*(...) Sempre considerando unha climatoloxía sen choivas, como indica o pronóstico que se ten para 14*

*días. A influencia da choiva soamente estaría afectada á execución do pavimento de caucho continuo.*

*Polo que a planificación estimada dos traballos que faltarían por executar é de 11 días laborais.”*

13.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 21/05/2018 adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros, polo incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.*

*2º.- Outorgar un prazo de CATORCE (14) días hábiles para a terminación total das obras.*

*3º.- Dar trámite de audiencia a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A, por un prazo de 15 días hábiles, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes.*

*4º.- Advertir ao interesado que contra o outorgamento do prazo para a terminación total das obras poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

14.- O devandito acordo notificouse electronicamente ao interesado en data 28/05/2018, sen que ata a data se presentaran alegacións.

15.- En data 25/06/2018, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns informa o seguinte (expediente 10087/446):

*“ A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de maio de 2018, acordou incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros, polo incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato, e outorgar un prazo de CATORCE (14) DÍAS hábiles para a terminación total das obras.*

*Segundo consta no expediente, a entidade mercantil foi notificada de dito acordo en data 28/05/2018, polo que o prazo para a terminación das obras remataba na data 15 de xuño de 2018.*

*Na acta da reunión celebrada en data 1 de xuño de 2018, recóllese a petición realizada por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns ao contratista para que presentasen un planning de execución das obras.*

*Na reunión mantida en data 5 de xuño de 2018, o contratista presentou un planning no que se reflicte, como data de finalización das obras, o 2 de xullo de 2018. En dita reunión, tal e como se recolle na correspondente acta, o contratista foi apercebido de que o prazo para a finalización das obras era o 15 de xuño de 2018 e que non respectar ese prazo suporía un incumprimento do contrato.*



## Concello de Vigo

*A data de hoxe, as obras non foron finalizadas, nin recepcionadas por este Servizo, quedando por certificar a contía de 123.592,39€, tal e como se recolle na certificación no 6, presentada polo contratista, de data 18 de maio de 2018.(...)”*

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.(LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (PPT).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **1.- Lexislación aplicable**

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.

## **2.- Incumplimentos das obrigas contractuais.**

A cláusula 24 do PCAP establece que: " 1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo (...)"

O artigo 212 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobada por real decreto lexislativo 3/2011, dispón ó regular a execución defectuosa e a demora que:

"1. Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumplimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64.2 e

118.1. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumplimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do orzamento do contrato.

2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumplimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprira a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.



## Concello de Vigo

8. As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato de designarse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituírase, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”.

Nesta liña, a cláusula 35 do prego que rexe o presente contrato prevé a imposición de penalidades nos seguintes supostos: incumprimento das condicións especiais de execución, cumprimento defectuoso do mesmo, incumprimento de criterios de adxudicación ou por mora.

No caso de cumprimento defectuoso, se clasifican as faltas en leves, graves ou moi graves.

O PCAP na cláusula 35.3.b).6 dispón que, o incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación, terá a consideración de falta moi grave.

Na cláusula 35.3.c) do PCAP se sinala que: “Se durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, a Administración municipal apreciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa proposición, imporalle penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 % da puntuación obtida polo contratista polo criterio de adxudicación incumprido resultase que a súa proposición non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, segundo proceda. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a súa gravidade.”

No presente contrato, o adxudicatario propoñeu unha redución do prazo de 120 días con respecto aos 6 meses que se sinalaran no PCAP así que, tendo en conta que a acta de comprobación do replanteo se levantou en data 11 de decembro de 2017, o prazo de execución das obras remataba o 12/02/2018.

Na data de hoxe non se remataron polo que existe un atraso de mais do dobre do prazo previsto no contrato.

O responsable do contrato no seu informe de data 09/05/2018 xustifica o atraso da execución da obras ata o 12/03/2018 atendendo a motivos de impermeabilización, control de calidade e climatoloxía sinalando que, a partir da devandita data, os atrasos xerados da obra serían imputables integramente á xestión da execución por parte do contratista.

Asemade nas actas de reunión de obras de datas 19/12/2017, 02/01/2018 e 09/01/2018, a dirección de obra reflicte atrasos na execución das obras de 7, 8 e 9 días respectivamente polos motivos anteriormente sinalados.

A maior abundamento e de conformidade co informe técnico de valoración das ofertas económicas do Xefe de Servizos Xerais de data 27/10/2017 (expediente 9385/446), se se desconta un 25% da puntuación obtida polo adxudicatario na redución do prazo de execución de 120 días, a súa proposición non sería a mellor valorada.

No acordo de data 21/05/2018, en aras de garantir os principios que rexen a contratación pública así como o principio de proporcionalidade e, tendo en conta que a redución do prazo de execución das obras foi un dos criterios de adxudicación xa que, o adxudicatario propoñeu unha redución do devandito prazo de 120 días, e se se desconta un 25% da puntuación obtida polo adxudicatario na redución do prazo de execución de 120 días a súa proposición non sería a mellor valorada, se incoou procedemento para imposición de penalidade polo incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.

### **3.- Penalidades.**

Para a imposición de penalidades polo cumprimento defectuoso do contrato, a lexislación esixe os seguintes requisitos (artigo 212.1 do TRLCSP):

- Que estean previstas no PCAP.
- Que sexan proporcionais á gravidade do incumprimento.
- A súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do presuposto do contrato.

O PCAP que rexe o presente contrato, respecto as penalidades a impoñer por incumprimento de criterios de adxudicación establece na cláusula 35.3.c) que como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, segundo proceda. Aclarándose que a reiteración no incumprimento deberá terse en conta para valorar a gravidade.

Consonte á cláusula 35.5 do PCAP, para a imposición de penalidades teranse en conta os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

O artigo 98 do RLCAP dispón *"cuando el órgano de contratación, en el supuesto de incumplimiento de los plazos por causas imputables al contratista y conforme al artículo 95.3 de la Ley, opte por la imposición de penalidades y no por la resolución, concederá la ampliación del plazo que estime resulte necesaria para la terminación del contrato"*.



## Concello de Vigo

Na cláusula 24 do PCAP se establece que: “ 1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- O prazo de execución do contrato será o consignado no apartado 4 A das FEC. Computarase a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo se non contivese reservas ou, en caso contrario, do seguinte ao da notificación ao contratista da resolución autorizando o inicio das obras.

3.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en mora ao respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a mora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, o Concello poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.

4.- O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- a) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos á súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ao disposto no artigo 100 RXLCAP.
- c) Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ao contratista e conforme ao artigo 212.4 e 7 do TRLCSP, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo polo tempo que estime necesario para a terminación do contrato.
- d) A suspensión do cumprimento do contrato a instancia do contratista cando o Concello se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme ao disposto no artigo 216.5 do TRLCSP. Neste caso o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido.

Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso, o contrato prorrogarase por un prazo igual ao que tiña permanecido suspendido. “

Tendo en conta o informe do responsable do contrato de data 09/05/2018 e, atendendo aos criterios de gradación e ao principio de proporcionalidade, no acordo de incoación de data 21/05/2018 se resolveu que procedía impoñer unha penalidade do 1% do orzamento do contrato, é dicir de 7.668,84 € toda vez que o orzamento do contrato ascende a 766.884,56 euros.

Cómpre sulñar que na data de hoxe, o responsable do contrato informa que as obras aínda non se recepcionaron.

#### **4.- Do procedemento para a imposición de penalidades**

Respecto o procedemento para imposición de penalidades, o artigo 212.8 do TRLCSP dispón que *“As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si designouse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constitúise, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”*.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para imposición de penalidades está recollido na cláusula 37.II do PCAP, conforme a cal *“As penalidades ou multas coercitivas imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contraditorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo”*.

No artigo 99 do Real Decreto 1098/2001 se sinala que *“1. Los importes de las penalidades por demora se harán efectivos mediante deducción de los mismos en las certificaciones de obras o en los documentos de pago al contratista. En todo caso, la garantía responderá de la efectividad de aquéllas, de acuerdo con lo establecido en el artículo 43.2, párrafo a), de la Ley.(...)”*.

No presente expediente seguiuise o procedemento legalmente establecido e, segundo se informa polo responsable do contrato en data 25/06/2018, quedan por certificar a contía de 123.592,39€, tal e como se recolle na certificación no 6, presentada polo contratista, de data 18 de maio de 2018.

#### **5.- Conclusión**

Á vista dos fundamentos de feito e de dereito expostos e toda vez que o interesado non presentou alegacións polo que non se desvirtúan nin os informes técnicos nin os argumentos contidos no acordo de incoación, se mantén a calificación dos feitos como incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato e a imposición a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., unha penalidade do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros.

Asemade consonte o artigo 212.8 do TRLCSP e 99 do Real Decreto 1098/2001, dita penalidade por importe de 7.668,85 euros se deducirá da seguinte certificación que se emita con posterioridade á adopción do presente acordo ou sobre a garantía constituída previa audiencia do avalista.

#### **6.- Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

*En mérito ao que antecede, propónse á **Xunta de Goberno Local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do*





## Concello de Vigo

*seguinte acordo:*

***“1º.- Impoñer á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., unha penalidade do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros, polo incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.***

***2º.- Dita penalidade por importe de 7.668,85 euros se deducirá da seguinte certificación que se emita con posterioridade á adopción do presente acordo ou sobre a garantía constituída previa audiencia do avalista.***

***3º.- Dar conta do presente acordo á Intervención Xeral e a Tesourería do Concello de Vigo.***

***4º.- Notificar o presente acordo aos interesados, advertíndolle que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”***

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

**20(799).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO DE 2017 A SETEMBRO DE 2018 E COORDINACIÓN DO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 7994/320.**

Visto o informe xurídico do 02/07/18 e o informe de fiscalización do 06/07/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego e conformado polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 16/02/2018, D. Juan Freiría Barros, en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), segundo certificación do secretario da entidade de data 08/01/2018, achegou escrito (doc. 180025697), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para

contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2017-2018, a realizar entre o 10/11/2017 e o 30/09/2018, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

Conforme a solicitude data 24/04/2018, será competente para a sinatura do convenio o presidente da asociación, de conformidade co art. 19 dos seus Estatutos “...exercera con plenas atribucións a representación da mesma”.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **COMPETENCIA MUNICIPAL**

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2017: expte. 7576/320
2. Ano 2016: expte. 7354/320
3. Ano 2015: expte. 6987/320
4. Ano 2014: expte. 6580/320
5. Ano 2013: expte. 6112/320
6. Ano 2012: expte. 5769/320
7. Ano 2011: expte. 5141/320



## Concello de Vigo

8. Ano 2010: expte. 4718/320
9. Ano 2009: expte. 4355/320
10. Ano 2008: expte. 3583/320
11. Ano 2006/07: expte. 3090/320
12. Ano 2005/06: expte. 812/321

### **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento

da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 “Convenio Asociación Monte da Mina”, cunha dotación de 17.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Veciñal Cultural e Deportiva Monte da Mina”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

## **OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 10 de novembro 2017 e o 30 de setembro de 2018, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa ocupación completa se estima que se produza ao longo do exercicio, dado o elevado número de peticións de espazos formuladas por entidades asociativas de diversa índole, para o desenvolvemento, por aquelas, dunha gran variedade de proxectos, actividades ou servizos cuxa execución redunda en beneficio da comunidade veciñal.

No art. 3 dos Estatutos da entidade enuméranse, os fins e principios que constitúen o seu obxecto social, cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese para a cidadanía viguesa.

Nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, *“as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”*.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**



## Concello de Vigo

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017 inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "Convenio *Asociación Monte da Mina*", cunha dotación de 17.000,00 €.

### DOCUMENTACIÓN

A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/10/17
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/10/17
  - Seguridade Social, de data 20/10/17
  - Concello de Vigo, de data 26/04/2018
2. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 24/04/2018, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.
7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017-2018, realizadas e previstas, para cuxo desenvolvemento, e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos seus gastos de mantemento

entre o 10 de novembro 2017 e o 30 de setembro 2018. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO<br>(10 de Novembro 2017 – 30 de Setembro 2018) |                    |
|--|--------------------|
| Luz  | 1.500,00 €         |
| Auga   | 300,00 €           |
| Combustible de calefacción   | 500,00 €           |
| Teléfono e Alarma  | 500,00 €           |
| Gastos de administración   | 675,00 €           |
| Seguro   | 2.000,00 €         |
| IBI  | 11.827,51 €        |
| <b>TOTAL</b>   | <b>17.302,51 €</b> |

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## **ANTICIPO**

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.



## Concello de Vigo

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 10/11/17 e o 30/09/2018, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>; do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 14/02/2018, emitido pola entidade bancaria.

### **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presupostos.

## RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2018, a favor de Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos (CIF.- G-36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 10 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de





## Concello de Vigo

conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE NOVEMBRO 2017 A SETEMBRO DE 2018, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067N, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 7994/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como

sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación,

detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis

do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina", así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxgadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*



## Concello de Vigo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 10 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 10 de novembro de 2017 a 30 de setembro de 2018, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| <b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO<br/>(10 de Novembro 2017 a 30 de Setembro 2018)</b> |                    |
|--|--------------------|
| Luz  | 1.500,00 €         |
| Auga   | 300,00 €           |
| Combustible de calefacción   | 500,00 €           |
| Teléfono e Alarma  | 500,00 €           |
| Gastos de administración   | 675,00 €           |
| Seguro   | 2.000,00 €         |
| IBI  | 11.827,51 €        |
| <b>TOTAL</b>   | <b>17.302,51 €</b> |

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de

reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

#### Planta 1ª

| Local            | Medidas      | Superficie            |
|------------------|--------------|-----------------------|
| Sala de lecturas | 14,60 x 7,40 | 108,04 m <sup>2</sup> |
| Sala de xuntas   | 5,45 x 5,80  | 31,61 m <sup>2</sup>  |

#### Primeiro soto

| Local   | Medidas     | Superficie           |
|---------|-------------|----------------------|
| Núm. 1  | 9,60 x 5,60 | 53,76 m <sup>2</sup> |
| Núm. 2  | 2,20 x 5,60 | 12,32 m <sup>2</sup> |
| Núm. 3  | 6,00 x 8,10 | 48,60 m <sup>2</sup> |
| Núm. 4  | 2,90 x 6,38 | 18,49 m <sup>2</sup> |
| Núm. 5  | 6,00 x 6,65 | 39,90 m <sup>2</sup> |
| Núm. 6  | 9,00 x 3,60 | 32,40 m <sup>2</sup> |
| Núm. 7  | 6,10 x 5,40 | 32,94 m <sup>2</sup> |
| Núm. 11 | 5,35 x 4,30 | 22,90 m <sup>2</sup> |

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.



## Concello de Vigo

4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de novembro 2017 a setembro de 2018, conforme a proxecto achegado.
5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. Identificar un dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.
2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 10 de novembro 2017 e o 30 de setembro de 2018, así como,

para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



## Concello de Vigo

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2017-2018.

**Oitavo.-** Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
  - O concelleiro de Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, que ostentará a Presidencia.
  - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos:
  - Presidente da asociación.
  - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:
  - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>; e conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos

resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación, número de participantes e nome do monitor/a.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais, preferiblemente, **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe





## Concello de Vigo

total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (xustificantes de pago dos recibos de liquidación de cotización á Seguridade Social). Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non

será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade



## Concello de Vigo

subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

**Décimo segundo-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 10/11/17 e o 30/09/18.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.”

## **21(800).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS EN MAIO E XUÑO DE 2018. EXPTE. 15521/77.**

Dase conta do informe proposta do 16/07/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, Economía, Industria e Voluntariado, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de maio e xuño de 2018:

| <b>Expediente</b> | <b>Tipo</b> | <b>Asunto</b>  | <b>Adxudicatario</b>                   | <b>Importe</b> |
|-------------------|-------------|--|--|----------------|
| 15274/77          | CMSUB       | Subministro productos alimenticios<br>O.E. Vigo Capacita IV                      | Alimentación Pérez Bar-<br>giela       | 500,00 €       |
| 15276/77          | CMSUB       | Aluguer elementos de transporte<br>O.E. Vigo Capacita IV                         | Autos Brea, S.L.                       | 9.600,00<br>€  |
| 15292/77          | CMSUB       | Outros subministros<br>O.E. Vigo Capacita IV                                     | Alimentación Pérez Bar-<br>giela       | 200,00 €       |
| 15296/77          | CM SER      | Servizo Tintorería<br>O.E. Vigo Capacita IV                                      | Angel Puza- Tintorería<br>Imperial     | 300,00 €       |
| 15310/77          | CM SER      | Apoio Técnico para a Redacción do Pro-<br>xecto<br>“Vigo Pola Inserción laboral” | Método Estudios Con-<br>sultores, S.L. | 8.349,00<br>€  |



## Concello de Vigo

|          |        |  |  |            |
|----------|--------|--|--|------------|
| 15374/77 | CM SER | Formación Prevención de Riscos laborais do Programa Vítimas de Violencia de Xénero | Laboral Formación Servizos Formativos,S.L.U    | 1.430,00 € |
| 15453/77 | CM SER | Servizo reparación electrodomésticos Vigo Integra V                                | Alejandro Costas González- Comercial Alejandro | 395,67 €   |
| 15454/77 | CM SER | Servizo Tintorería O.E. Vigo Capacita IV   | Angel Puza- Tintorería Imperial                | 300,00 €   |

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **22(801).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN (ANHIDA)", PARA O FOMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES MEDIANTE A AXUDA DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 7992/320.**

Visto o informe xurídico do 19/06/18 e o informe de fiscalización do 26/07/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego e conformado polo concelleiro-delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 26/03/2018, D. Ricardo García Díaz, en calidade de presidente da *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* (CIF: G-36938272), achegou escrito có número 180045114, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2018, en concreto, para as levadas a cabo entre o 04/11/17 e o 30/09/2018.

Segundo certificación expedida polo secretario da entidade con data 20/04/2018 e segundo o art. 22.2º dos Estatutos da asociación, a facultade para "*representar legalmente á Asociación ante calquera organismo público ou privado*", correspóndelle ao presidente.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **COMPETENCIA MUNICIPAL**

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben

volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade,

no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.***

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

Ano 2017: Expte. Núm. 7579/320

Ano 2016: Expte. Núm. 7350/320

Ano 2015: Expte. Núm. 7157/320

Ano 2014: Expte. Núm. 6578/320

Ano 2013: Expte. Núm. 6074/320

Ano 2012: Expte. Núm. 5784/320

## **RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCiónS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvención públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar das subvencións do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do



## Concello de Vigo

vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

### **MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), posibilita a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Neste caso, tratase de fomentar a salvagarda dos dereitos dos nenos con hiperactividade e déficit de atención, a mellora da súa calidade de vida e integración na sociedade, organizando e realizando toda clase de actividades educativas, asistenciais, formativas... que garanten a atención especializada que requiren.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 “Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención - ANHIDA”, cunha dotación de 4.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04.

### **OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “*que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...*”, “*... que teña por obxecto o*

*fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública"* e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o para o período do 04/11/17 ó 30/09/18, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
  
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nº 9240 4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención - ANHIDA", dotada con 4.000 €.

## **DOCUMENTACIÓN**

A Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", segundo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:





## Concello de Vigo

- Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 19/03/18.
- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/03/2018.
- Seguridade Social, de data 19/03/2018.
- Concello de Vigo, de data 26/04/2018.

2. Declaración responsable do presidente da entidade, de data 20/04/18, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo III).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
  - c) Lugar de realización
  - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
  - e) Recursos humanos e materiais
  - f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre o 4 de novembro 2017 ao 30 de setembro 2018. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| <b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL<br/>(novembro 2017- setembro 2018)</b> |                    |
|---|--------------------|
| Aluguer local social  | 15.000,00 €        |
| Electricidade   | 1.200,00 €         |
| Auga  | 225,00 €           |
| <b>TOTAL</b>  | <b>16.425,00 €</b> |

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## **ANTICIPO**

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

### **PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/18 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do



## Concello de Vigo

declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga;> do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 1602 6134 (SANTANDER), segundo código de conta cliente de data 14/03/2018, emitido pola entidade bancaria.

### **NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presupostos.

### **RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo,

Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

**Á vista do exposto anteriormente, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:**

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR** o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800002, denominada “*Convenio Asociación de de Niños con Hiperactividad y/o Déficit de Atención ANHIDA*”, incluída no vixente orzamento municipal.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”* (CIF.- G-36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 04 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA”, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE NOVEMBRO 2017 E SETEMBRO DE 2018, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaioito



## Concello de Vigo

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7992/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de

vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.

- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2018, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 04 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", nominativa con una partida orzamentaria de 4.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* para o 2018, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica mixta (individual e/ou grupal)
- Terapia psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Cursos psicoeducativos e coaching individual para adultos
- Terapias para pais
- Charlas en colexios
- Formación a estudantes en prácticas.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre o 04 de novembro de 2017 e 30 de setembro de 2018, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:



**Concello de Vigo**

| <b>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL<br/>(novembro 2017 - setembro 2018)</b> |                    |
|--|--------------------|
| Aluguer local social   | 15.000,00 €        |
| Electricidade  | 1.200,00 €         |
| Auga   | 225,00 €           |
| <b>TOTAL</b>   | <b>16.425,00 €</b> |

IX.- Que a entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Identificar un dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"* ", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 04/11/17 e o 30/09/18, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*.

3. Colaborar na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.





## Concello de Vigo

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2017-2018 (04/11/2017-30/09/18).

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>; e conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, o número de participantes e nome do monitor/a.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da



## Concello de Vigo

subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais, preferiblemente, **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados presencialmente, poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1

(xustificantes de pago dos recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social). Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.



## Concello de Vigo

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 16026134 (SANTANDER).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 04/11/2017 e o 30/09/2018.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio,

Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a

práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo oitavo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo noveno.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo.**- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.”

### **23(802).- DAR CONTA DA RELACIÓN DOS CONTRATOS MENORES CELEBRADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2018 (abril, maio e xuño). EXPTE. 60211/212.**

Dase conta do informe proposta do 11/07/18, asinado polo intendente xefe da Policía local e conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativo aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2018 (abril, maio e xuño), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

#### **ANEXO**

### **RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2018 (ABRIL, MAIO E XUÑO):**



## Concello de Vigo

| Expte.    | Partida      | CM  | Obxecto                                 | Adxudicatario   | Decreto  | Rc       | Fin contrato | Importe € |
|-----------|--------------|-----|---|---|----------|----------|--------------|-----------|
| 58515/212 | 1320.2279910 | SER | Curso inspeccións contamiación acústica | Centro de acústica e servizos telecomunicacións, S.L. | 06/04/18 | 06/04/18 | 30/05/18     | 1.742,40  |
| 58708/212 | 1320.2330000 | SER | Curso autoprotección mulleres           | Adolfo Hermida Araujo e outro                         | 16/04/18 | 16/04/18 | 04/05/18     | 2.160,00  |
| 58745/212 | 1320.2219900 | SUB | Cartuchos 9mm                           | Armería ACP Santos Cao                                | 17/04/18 | 12/04/18 | 31/12/18     | 6.160,00  |
| 58762/212 | 1320.2260100 | SUB | Adquisición condecoracións              | Joaquín Saz, S.A.                                     | 26/04/18 | 25/04/18 | 24/05/18     | 2.902,19  |
| 58866/212 | 1320.2279910 | SER | Curso asertividade e resiliencia        | M <sup>a</sup> Leonor Lago Campos                     | 24/04/18 | 23/04/18 | 31/12/18     | 2.400,00  |
| 59000/212 | 1320.2200101 | SUB | Protectores hixiénicos cabeza           | Ana M <sup>a</sup> Costas Carbajal                    | 08/05/18 | 04/05/18 | 31/12/18     | 381,15    |
| 59046/212 | 1320.2219900 | SUB | Arneses tácticos                        | Galicom Comunicaciones, S.L.                          | 08/05/18 | 04/05/18 | 31/12/18     | 2.074,67  |
| 59177/212 | 1320.2269900 | SER | Equipo megafonía festividade policía    | Collazo Sonido  | 11/05/18 | 10/05/18 | 24/05/18     | 1.089,00  |
| 59676/212 | 1320.2219903 | SUB | Cascos motorista                        | Angel Leirós Motos, S.L.                              | 15/06/18 | 14/06/18 | 31/12/18     | 1.343,56  |

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **24(803).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 1789/449**

*(Nota: Faise constar que na preceptiva orde do día este expediente apareceu como "Proposta para a adxudicación". Corríxese o erro e redáctase axeitadamente como "Proposta de clasificación de ofertas".*

Dáse conta do informe-proposta do 11/07/18, asinado pola secretaria da Mesa de contratación, que di o seguinte:

#### **10.- Propostas de clasificación**

**b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) na seguinte orde descendente:*

| <b>LICITADORES</b>  | <b>Puntuación total</b> |
|---|-------------------------|
| UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA | 95,4                    |
| UTE HINOBEPA, SL -INVERSIONES TURIAPARK, SL                   | 85,27                   |
| EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS S.A.                         | 53,79                   |

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, SLU e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.742,70 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(804).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

XS.





**Concello de Vigo**

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TTE. ALCALDE, (RA 17/07/18)  
Francisco Javier Pardo Espiñeira